

PROXECTO DE MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEONIL ENTRE A
PORTA DO SOL E ABELEIRA MENÉNDEZ, FASE II. EXPTE.: 3121/440
NO CONCELLO DE VIGO

DOCUMENTO Nº 1
MEMORIA E ANEXOS



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 01/12/2016 11:13	Páxina 1 de 406
Aprobado en Xunta de Goberno do 23/09/2016	Código de verificación: 25E34-3A3DC-2D43B-2E33B	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



MEMORIA DESCRIPTIVA



2



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 01/12/2016 11:13

Páxina 2 de 406

Aprobado en Xunta de Goberno do 23/09/2016

Código de verificación: 25E34-3A3DC-2D43B-2E33B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



ÍNDICE XERAL

DOCUMENTO Nº 1 MEMORIA E ANEXOS

MEMORIA DESCRIPTIVA

1. ANTECEDENTES E CONTEXTUALIZACIÓN DO PROXECTO DENTRO DO CASCO HISTÓRICO
 - 1.1. ANTECEDENTES
 - 1.2. CONTEXTUALIZACIÓN DO ÁMBITO DENTRO DO CASCO HISTÓRICO DE VIGO
2. OBXECTIVOS
3. CARTOGRAFÍA E TOPOGRAFÍA. REPLANTEO
4. XEOTECNIA
5. ÁMBITO DE ACTUACIÓN
6. ESTADO ACTUAL E CRITERIOS DE ACTUACIÓN
7. ACTUACIÓNS SEGUIMENTO ARQUEOLÓXICO. VALORIZACIÓN DA MURALLA
8. DISPONIBILIDADE DE TERREOS
9. CUMPRIMENTO DA ORDENACIÓN URBANÍSTICA RECOLLIDA NO PLANEAMENTO MUNICIPAL
10. AFECCIÓNS A ELEMENTOS DE PATRIMONIO
11. XUSTIFICACIÓN DE PREZOS
12. ESTUDO DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO
13. REVISIÓN DE PREZOS
14. PRAZO DE EXECUCIÓN E PROGRAMACIÓN DAS OBRAS
15. PRAZO DE GARANTÍA
16. CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA
17. PRESUPOSTO DAS OBRAS
18. CUMPRIMENTO DO ARTIGO 127.2 DO REGULAMENTO XERAL DA LEI DE CONTRATOS DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS, NO SENTIDO PERMITIDO POLOS ARTIGOS 74.3 DA LEY DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO, E 125 DO MESMO REGULAMENTO
19. CUMPRIMENTO DA LEI DE SUPRESIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS
20. CONFORMIDADE PREVIA DOUTROS ORGANISMOS
21. DOCUMENTOS QUE INTEGRAN O PRESENTE ESTUDIO
22. CONCLUSIÓN

ANEXOS Á MEMORIA

DOCUMENTO Nº 2 PLANOS

DOCUMENTO Nº 3 PREGO DE CONDICIÓN

DOCUMENTO Nº 4 PRESUPOSTO

MEDICIÓNS AUXILIARES

MEDICIÓNS

CADRO DE PREZOS 1

CADRO DE PREZOS 2

PRESUPOSTO

RESUMO DO PRESUPOSTO

DOCUMENTO Nº 5 ESTUDIO DE SEGURIDADE E SAÚDE



1. ANTECEDENTES E CONTEXTUALIZACIÓN DO PROXECTO DENTRO DO CASCO HISTÓRICO

1.1. Antecedentes

O presente proxecto desenvolve a Fase II da mellora da accesibilidade peonil entre a Porta do Sol e a Rúa Abeleira Menéndez mediante a implantación de escaleiras mecánicas que salvan o forte desnivel existente entre ambas, cunha diferenza de cotas de 19,89 metros (da cota +7,04 m. ata a cota +26,93 m.). Esta Fase II completa a actuación xa iniciada na primeira fase, parte do final da desta primeira fase, na traseira do edificio Simeon a rentes coa fonte pública de Baixada a Príncipe, , e contempla un ámbito de actuación que chega ata a conectar con Abeleira Menendez”.

O ámbito de actuación está incluído na delimitación do Casco Vello de Vigo.

Como antecedentes a este proxecto cabe reflectir:

- o Plan Especial de Protección e Reforma Interior (PEPRI) do Casco Vello de Vigo.
- o Estudo de mobilidade e accesibilidade ao Centro Histórico de Vigo (Decembro 2006. Xerencia Municipal, Programa PAGUS)
- e a fase I, do proxecto do mesmo nome, así como do proxecto complementario de cuberta das escaleiras.

No ámbito do Proxecto, ou nas súas proximidades, realizáronse unha serie de actuacións nos últimos anos:

- a Iniciativa Comunitaria Urban no Barrio Histórico de Vigo (1995-2001)
- as Obras de Rehabilitación e Mellora dentro do entramado viario no Casco Vello de Vigo, a finais do ano 2008.
- Obras a cargo do Fondo Estatal de Inversión local, FEIL-2009, no Concello de Vigo.
- Obras a cargo do Fondo Estatal “Para o Emprego e a Sostenibilidade Local”, FEESL-2010, no Concello de Vigo.

1.2. Contextualización do ámbito dentro do casco histórico de Vigo

A realidade urbana de Vigo viuse configurada en parte debido ao extraordinario crecemento da cidade consolidada, que se manifesta sobre todo a partir da metade do século pasado en diante. O devandito crecemento apoiase arredor do núcleo primitivo da cidade, tanto do denominado Casco Histórico, coma do Ensanche de finais do XIX. A expansión da cidade artículase apoiada nas antigas vías de comunicación, superpostas ao longo da historia, a través dos corredores naturais de acceso á cidade. Neste sistema urbano cabe distinguir distintas zonas:



- Asentamento do Casco Vello, en torno ás praias e baluartes costeiros do Berbés e A Laxe, cunha armazón ligada ás actividades pesqueiras, verdadeiro motor económico do Vigo antigo (praza do Berbés); e distribuído cara as ladeiras do Monte do Castro, e os accesos tanto dende Pontevedra, coma cara ao interior da Provincial. A estrutura da rúa Segunda República áchase nunha zona de transición moi ligada a traza das antigas murallas da cidade, en contacto caseque co crecemento dos primeiros ensaches cara a zona leste da cidade antiga.




Plano da Praza de Vigo e as súas inmediacións. Servicio Xeográfico do Exército (Fonte: Vigo Porto e Destino)

- Ensanche: de finais do século XIX, xorde ante o crecemento industrial e poboacional da antiga urbe, ligado ao desenvolvemento industrial da conserva e metalurxia. A expansión da cidade fórmulase sobre o Areal, en terreos de recheo, e en torno ás vías de comunicación da estrada de Pontevedra, e Castilla, articulado coa zona da estación de ferrocarril, tamén da época.
- Con posterioridade, configúrase un crecemento prefixado por un plan de aliñacións, completando a malla existente entre os eixes viarios consolidados (Rolda Don Bosco, armazón das rúas perpendiculares a Urzáiz, etc), que sitúase a carón da rúa, transformando parte do tramado urbano das súas marxes, sobre todo no contacto con Porta do Sol e coa parte alta de Abeleira Menéndez.



Identifícanse as principais unidades deste desenvolvemento na figura adxunta, nas zonas máis próximas ao Casco Vello, e ao ruerio de proxecto.



	CASCO VELLO
	ENSANCHE FINALES S XIX
	ENSANCHE PRINCIPIOS S XX- 1/2 MITAD
	A PARTIR DE 1/2 MITAD DEL S XX

Evolución sinóptica do crecemento urbano en torno ao Casco Vello. Cidade Central.

2. OBXECTIVOS

A obra consiste na remodelación e mellora da rúa Segunda República, así como na construción dunhas escaleiras mecánicas que sirvan de apoio á accesibilidade dentro desta zona da cidade

Este documento define tecnicamente as obras do PROXECTO DE MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEONIL ENTRE A PORTA DO SOL E ABELEIRA MENÉNDEZ, FASE II. EXPTE.: 3121/440, NO CONCELLO DE VIGO, de forma que poda servir de base para a tramitación e contratación do expediente de obras correspondente.

O ámbito de actuación abarca dende a Fonte de Baixada a Príncipe ata Abeleira Menéndez, situada aproximadamente na zona central da Rúa II República, salvando un desnivel de 9,28 metros (dende a cota +17,51 m. ata a cota +26,79 m.), e abarcando os tres últimos tramos de escaleiras existentes.





Límite do ámbito na parte superior, no cruce con Abeleira Menéndez



Límite do ámbito na parte inferior ata a Fonte de Baixada a Príncipe vista dende a Rúa II República



Vista dos tramos superiores da escaleiras; onde sitúase o elemento mecánico E2



Vista do muro de contención, e situación actual dos cadros eléctricos e de mando.

3. CARTOGRAFÍA E TOPOGRAFÍA. REPLANTEO

Como xeometría de partida tomáronse os datos da cartografía do Concello de Vigo, escala 1:1000. Ademais completouse a devandita cartografía cun levantamento topográfico aportado polo promotor das obras.



Antes do comezo da execución das obras realizarase unha comprobación das bases, e o reformulo das aliñacións propostas, así como dos rexistros e trazado dos diferentes servizos existentes.

O devandito levantamento servirá para corroborar as aliñacións propostas en proxecto, especialmente dos servizos urbanos a situación nalgún caso dos cales non se coñecerá de xeito exacto ata que se levante o pavimento na zona de actuación.

Antes do inicio da obra, o contratista contactará coas compañías prestatarias dos servizos urbanos, co obxecto de proceder ao levantamento das aliñacións dos servizos afectados, e no seu caso, programar as obras, para que os cortes de subministración que se teñan que producir, respondan a un criterio axeitado, e en todo caso minimicen o prazo de afección.

4. XEOTECNIA

O ámbito de traballo abrangue unha zona moi consolidada, con dificultades de acceso, e material heteroxéneo; factores que condicionan a fase de proxecto, onde non se concreta ensaios de caracterización xeotécnica. En fase de obra, se avaliará a oportuna realización dos devanditos ensaios, e en todo caso se verificarán as condicións de execución das cimentacións, determinando as características resistentes do terreo.

O proxecto incorpora a entibación das gabias de servizos. Dita entibación foi prevista no orzamento.


Para o dimensionamento de firmes considerouse, como hipótese máis desfavorable, que a explanada existente é de tipo E2, o plan de ensaios durante a execución das obras deberá garantir o cumprimento de dita prescrición, unha vez se concrete a obra civil e explanacións precisas para a execución dos terreos.

Para o dimensionamento das cimentacións de estruturas fixouse unha resistencia característica do terreo de 1,5 kg/cm²; o plan de ensaios durante a execución das obras deberá garantir o cumprimento de dita prescrición

5. ÁMBITO DE ACTUACIÓN

Este proxecto conforma o ámbito definido pola rúas Segunda República, dende a Fonte de Baixada a Príncipe e a Abeleira Menéndez. A superficie total da actuación é duns 410 metros cadrados, segundo se indica no croquis adxunto.





Xeograficamente o ámbito ubícase arredor das coordenadas UTM (HUSO 29) seguintes:

X= 522.764

Y= 4.676.363

6. ESTADO ACTUAL E CRITERIOS DE ACTUACIÓN

6.1. Estado actual

A continuación analízase a situación dos diferentes elementos e infraestruturas que compoñen os espazos públicos correspondentes ao ámbito de actuación.

Pavimentación

Os materiais utilizados nos pavimentos das rúas son de natureza pétreo. Estes solados preséntanse en diferentes formas e así o podemos atopar en formatos de lousas de gran tamaño e dimensións non uniformes, lousas de tamaño medio de xeometría e dimensións homoxéneas, “chapaplana”, tendo en cada un dos caso una disposición diferenciada das pezas, tal e como pode verse na seguinte imaxe.





Saneamento

A rede existente nesta rúa é unitaria e a auga de choiva recóllese por reixas transversais situadas nos tramos de escaleiras, que conecta mediante sifón co colector existente.

Alumeado público.

Actualmente as luminarias existentes son modelo BEGA 9801 de VSAP de 70W, sobre columna.

Mobiliario urbano

Son escasos os elementos de mobiliario, que se restrinxen as varandas nos tramos de escaleiras.

6.2. Criterios Xerais

Os criterios establécense segundo prescrición do organismo promotor, o Concello de Vigo, e de acordo co estudo previo desenvolvido polos servizos municipais. O Proxecto desenvolve ditos criterios que consisten na instalación de escaleiras mecánicas que melloren a accesibilidade da zona.

Debido a gran diferenza de cota actual entre os extremos da actuación, será necesario manter as escaleiras existentes, de forma armónica e compatible coa nova escaleira mecánica. Debido ao reducido ancho da rúa se dispón de escaleiras mecánicas nun sentido de marcha (subida), mantendo a baixada polas escaleiras convencionais.



A inclusión das escaleiras mecánicas cun desenvolvemento ríxido distinto do resto da rasante, esixe unha profunda reestruturación da sección, necesariamente mediante introducindo elementos de contención. Aparte en sección as escaleiras mecánicas ocupan un espazo onde debe restrinxirse o paso doutros servizos. Todo o cal obriga a reconsideración de todos os servizos existentes, ven pola súa obsolescencia ou ben obrigados polo recuamentos necesarios.

6.3. Pavimentación

Estudio do firme

O obxectivo do dimensionamento de firmes e pavimentos é a determinación da sección estrutural cos materiais e espesores das capas que o constitúen, aspectos que determinan as súas características resistentes, a partir da consideración dunha serie de factores básicos.

A metodoloxía do cálculo consistirá en elixir a sección estrutural máis axeitada entre as diferentes tipoloxías posibles en función das diferentes combinacións de categoría de tráfico e categoría de explanada obtidas.

Para obter estas seccións estruturais de firme urbano deste Proxecto analizáronse entre outras as seccións estruturais das Instrucións ou Normativas seguintes:

- Instrución de Estradas, Norma 6.1.I.C. Asines Flexibles e Norma 6.2.I.C. Firmes Ríxidos.
- Instrución sobre seccións de firmes de Autovías MOPU.
- Pavimentos de formigón para vías de baixa intensidade de tráfico; IECA.
- Manual de pavimentos de lastras de formigón; IECA.
- Chaussées neuves à faible trafic; Manuel de conception; LCPC, SETRA.
- A guide to the structural design of pavements for new roads. Road Note 29.
- Seccións estruturais de firmes urbanos en sectores de nova construción (Eduardo Alabern i Velentí e Carles Gilemany i Casadamon).
- Recomendacións para o proxecto e deseño do viario urbano, Ministerio de Fomento.
- Instrución de formigón estrutural EHE.

Tendo en conta que a nova rúa aquí proxectada será de uso exclusivamente peonil, coma non pode ser doutra forma xa que a rúa dispón de escaleiras, defínese un paquete de firmes propio dun tráfico peonil, para unha explanada tipo E-2.

Con estas consideracións defínese un firme composto por 20 cm de zorra compactada, 15 cm de formigón hidráulico HM-20/B/20/IIa, recrecido a 25 cm en zonas de escaleiras, e na conexión exterior con Abeleira Menéndez, 4 cm de morteiro de cemento, e Lousa de granito de 9 cm de espesor e de dimensións variables acordes coas existentes na rúa Cruz Verde e Abeleira



Menéndez, así como peldaños de pedra para a formación das escaleiras. Na conexión exterior con Abeleira Menéndez incrementase o espesor das lousas de pedra a 12 cm, por mor de soportar o tráfico de paso.

6.4. Servizos urbanos

Estableceuse un contacto por parte do Concello de Vigo coas distintas compañías subministradoras de servizos urbanos para estudar se é necesaria a utilización desta nova rúa para a implantación de novos tramos de distribución das súas redes.

A este respecto lístase unha relación dos diversos contactos establecidos para a obtención tanto do estado actual, coma das pautas de intervención nalgún dos servizos existentes:

- abastecemento, AQUALIA S.A.
- saneamento, AQUALIA, S.A.
- alumado, ELECTROMECÁNICOS (CONCELLO DE VIGO)
- enerxía eléctrica, UNIÓN FENOSA, S.A.
- redes de telefonía e telecomunicacións, TELEFÓNICA, S.A. e empresa R,
- gas, GAS GALICIA, S.A.

Os planos facilitados polo Concello así como polas distintas compañías teñen un carácter aproximado. Polo tanto, o contratista deberá comunicar a cada compañía operadora o comezo das obras, co obxecto de que técnicos de cada unha das compañías procedan á situación das trazas dos servizos urbanos respectivos.

Inclúese en orzamento a obra civil e instalacións dos servizos municipais.

Os recuamentos das infraestruturas privadas con concesión de dominio inclúense en canto a obra civil.

Inclúese completo o expediente de recuamento tramitado ante Gas Natural- Unión Fenosa, expediente que se incorpora como información anexa ao proxecto.

Inclúese tamén as necesarias acometidas para a rede de alumado público, e das instalacións mecánicas proxectadas.

6.4.1. Abastecemento

A empresa concesionaria do servizo de abastecemento de augas é AQUALIA, S.A.

Empregáronse os planos As Built das obras das rúas adxacentes.



A empresa concesionaria solicitou a substitución da rede actual de abastecemento, xa que se trata dunha canalización de fundición gris, polo que propónse unha rede de 100 mm de fundición dúctil, así como a reposición das acometidas.

6.4.2. Saneamento

A empresa concesionaria do servizo é AQUALIA, S.A.

Empregáronse os planos As Built das obras das rúas adxacentes. Conéctase sobre o último pozo executado dentro da fase I do proxecto.

A empresa concesionaria comunicou que a rede unitaria existente encóntrase en bo estado, aínda que os sumidoiros deberán ser substituídos.

Non entanto o proxecto inclúe a nova execución do colector en PVC estruturado liso de 315 mm, xa que o colector actual vese afecto ao tramo de obras. Se considera un único colector unitario xa que na fase I pola imposibilidade de dobrar a rede, obtouse en fase de obra, por mor do escaso da conca vertente, por facer a rede unitaria.

Se dispoñen pozos de rexistro, en xeral de resalto, en cambios de pendente e nos puntos de acometidas de ramais.

6.4.3. Distribución de enerxía eléctrica

A empresa encargada do servizo é GAS NATURAL – FENOSA, S.A .

Empregáronse os planos As Built das obras das rúas adxacentes. Estableceuse contacto coa compañía operadora para o deseño do recuamento.

Propónse o recuamento das liñas existentes na parte alta do ámbito, de baixa tensión, dende a arqueta final da fase I, sita a carón da Fonte pública. Esta liñas vense afectas polas dúas novas escaleiras mecánicas.

Ase mesmo inclúese a modificación da localización do cadro de potencia do subministro das escaleiras, así como a conexión necesaria entre este cadro os centros de mando, e as escaleiras mecánicas.

6.4.4. Telefonía e datos

A empresa encargada do servizo é Telefónica, e nos anexos a zona de obras, implántase tamén rede da compañía R-Cable.

Empregáronse os planos As Built das obras das rúas adxacentes. Así como a información facilitada polas compañías operadoras e polo propio Concello de Vigo.



Propónse o recuamento da liña existente no ámbito, incluíndo a necesidade de derivar conexión a fachada norte, para dar acceso soterrado as edificacións existentes. Tanto Telefónica como R cable, plantexan esas acometidas, cuxa obra civil inclúese no proxecto.

Ase mesmo inclúese o cambio da conexión do centro de mando das escaleiras mecánicas, ca rede municipal de fibra óptica, polo necesidade da nova localización dos armarios de control.

6.4.5. Alumeado público

O alumeado, en canto a deseño e mantemento, depende do departamento de Electromecánicos, do Concello de Vigo. Como criterios de deseño tomáronse as disposicións recollidas no Regulamento de eficiencia enerxética en instalacións de alumeado exterior e as súas Instrucións técnicas complementarias EA-01 a EA-07, aprobado por Real Decreto 1890/2008 do 14 de novembro, e na Ordenanza Municipal de Iluminación Pública; así como na comunicación recibida polo servizo, que se inclúe en anexo.

Amais será esixible os “requirimentos técnicos esixibles para luminarias con tecnoloxía LED de alumeado exterior. IDAE-CEI- Xaneiro 2014”, e o “Regulamento electrotécnico de baixa tensión, RD 842/2002”

Actualmente as luminarias existentes son modelo BEGA 9801 de VSAP de 70W, sobre columna.

Segundo indicación dos técnicos municipais do departamento de Electromecánicos, no ámbito de aplicación se instalarán puntos de luz modelo CHV de LEDs 42 W de Setga en parede e columna segundo o caso, en substitución das existentes.

Estas novas luminarias serán conectadas a un centro de mando existente na rúa Elduayen, a través da nova liña eléctrica proxectada que discorre pola rúa Cruz Verde e a fase I deste mesmo proxecto.

Se renova todo o cableado, e inclúese condución soterrada para acceso as saídas de fachada e de columna.

Este apartado consta de anexo específico no que se describe e xustifica a instalación proxectada.

6.5. Mobiliario urbano. Elementos de protección

Colocaranse pasamáns de aceiro inox AISI316L de 50 mm en dous alturas, como elemento de accesibilidade nas escaleiras físicas.

Como barreira ante os desniveis colocárase un peto conformado como os existentes, aínda que cunha protección superior que complementa a actual conformando unha varanda. O peto estará constituído por unha peza de granito de 0,50 x 0,60 cm. (largo e altura), rematada mediante un pasamáns de 50 mm con suxeición de platinas de 30x10 mm, todo en ANSI316 L



Para a protección do desnivel existente na zona de parterre, inclúese a formación dunha barreira conformada por unha dobre aliñación de tubos de 50 mm e 35 mm, de altura entre 90 cm e 11 cm, alienados a carón do muro de contención. Non obstante no inicio da obra, estudarase con Parques e Xardíns, a posibilidade de trasladar a protección de acceso cara a parte superior do parterre o que precisaría que as actividades de mantemento do parterre se realizaran tendo en conta o risco de traballo en altura.

Ase mesmo, o peche lateral que proporciona a cuberta permite cumprir a regulación respecto dos elementos de protección para garantir a seguridade do entorno das escaleiras mecánicas, cumprindo a normativa europea, a norma UNE EN-115-1, como son as proteccións permanentes contra o contacto exterior do pasamáns da escaleira mediante a instalación de barreiras verticais permanentes colocadas salvando as distancias mínimas en horizontal e vertical respecto ao pasamáns.

Inclúese ademais a instalación de dispositivos de protección (antitobogáns) para pechar o fronte da escaleira e evitar a subida ao exterior da balaustrada.

Todos eles veñen definidos no presuposto e no documento de planos.

6.6. Elementos mecánicos

Prevese neste proxecto a instalación de dúas escaleiras mecánicas que salvan o desnivel existente na Rúa II República, abarcando o tramo comprendido dende a Fonte de Baixada a Príncipe, e a conexión con Abeleira Menéndez, salvando as mesmas un desnivel de 9,28 metros (dende a cota +17,51 m. ata a cota +26,79 m.) e abarcando os tres tramos de escaleiras existentes.

As dúas escaleiras mecánicas están adecuadas para unha instalación 100% á intemperie. Con todos os elementos adicionais de protección para as mesmas. Ase mesmo, cumpren coa normativa europea EN-115-1, CE 89/37/CE, EN 12015, EN 12016 (05-1998), e 89/336/CE.

Adóptanse todos os elementos de seguridade necesarios para garantir a seguridade do entorno de acordo ao establecido na norma EN-115-1.

A escaleira mecánica 1 sube un desnivel de 2,82 metros dende a cota +17.510 m da Fonte pública ata a cota +20.330 m na intersección coa subida das escadas Doctor Corbal. Conta cunha anchura libre de chanzo de 1 metro. Implántase conservando o paso de 1,58 m. No chanzo das escaleiras físicas.

A escaleira 2 sube un desnivel de 6,3 metros, dende a cota 20.490 m moi próxima ao remita da escaleira nº1, ata a cota +26,79 m do contacto con Abeleira Menéndez. Implántase centrada na anchura da rúa, deixando un marxe amplo para a formación da escaleira física e conta cunha anchura libre de chanzo de 1 metro.

As características técnicas e xerais das escaleiras achéganse en anexo deste documento.



6.7. Cubrición

Seguindo as prescricións técnicas para a redacción do proxecto establecidas polo Concello de Vigo, impleméntase no proxecto a mesma solución de cubrición que adoptouse na fase I no mesmo proxecto.

Para a cubrición das escaleiras mecánicas da Rúa Segunda República, e tras analizar varias opcións, optase por dúas estruturas mixtas realizadas con pórticos de aceiro inoxidable e paneis de vidro. A formación do alabeo é tal que a proxección dun pórtico sobre o contiguo, permite a inserción de tres planos de vidro laminado 8+8, para conformar a cubrición, e os dous peches laterais.

Os pórticos da estrutura realizaranse con aceiro inoxidable AISI 316 L, elaborados en taller con perfís de 160 x 80 x 4 milímetros; e montados en obra mediante soldadura a placa de ancoraxe. A separación entre pórticos varía entre 76,8 e 82,8 centímetros; e van rotando entre si para dar lugar a un efecto de movemento ao viandante. Os perfís levan un tratamento de fosfatizado e irán pintado electrostáticamente con pintura en po Epoxi-poliéster color Ral a elixir.

As placas de ancoraxe estarán formadas por chapa de aceiro inoxidable AISI 316 L, cunhas dimensións de 200 x 200 x 12 milímetros. Estas placas irán colocadas na coroación do muro de formigón armado, de trinta centímetros de espesor, que contén as escaleiras mecánicas.

Co fin de atenuar a sensación de estrangulamento nas zonas máis estreitas das escaleiras de pedra, que coinciden coa parte inferior de cada escaleira mecánica, a cubrición nestes tramos estará formada unicamente por paneis de vidro.

Os vidros serán de 8 +8 milímetros de vidro extra claro, laminado e temperado.

Sacarase plantilla dos vidros unha vez instalada a estrutura metálica, por se se tivese producido algunha desviación desta durante a súa colocación. Unha vez obtidas os equipos elaboraranse as pezas no taller e serán levadas logo á obra para a súa colocación.

Os vidros irán colocados sobre perfil de aceiro inoxidable AISI 316 L previamente soldado aos pórticos. Este perfil será de 30 x 30 x 3 milímetros. Para protexer en contacto do vidro, e para absorber posibles golpes e vibracións, os vidros irán apoiados sobre calzas de Neopreno (dureza 60 Shore-A) a todo o longo, especial para este tipo de aplicación. Unha vez colocados os vidros colocarase unha nova tira de neopreno a todo o longo e fixarase posteriormente con outro perfil similar ao anterior que será fixado á estrutura metálica mediante parafusos en aceiro inoxidable AISI 316 L.

Unha vez asentados os vidros sobre os neoprenos, levarán outras calzas de neopreno da mesma calidade e un novo perfil de aceiro inoxidable que irá aparafusada mediante parafusos de aceiro inoxidable aos pórticos.



As unións entre vidros, realizaranse mediante pezas lonxitudinais de aceiro inoxidable AISI 316 L nas que irán encaixados os vidros, e se deixará unha xunta para absorber posibles vibracións e dilatacións que será tratada con goma especial para este tipo de xuntas.

Prestarase especial atención a coidar a estanquidade á auga e ao aire en todas as xuntas co uso de seladores de acordo ao caso.

6.8. Estruturas e obras de contención

As estruturas previstas son primordialmente as de contención onde van aloxadas as escaleiras mecánicas.

A escaleira inferior, plantéxase conformando unha sección estrutural en “U” que contén as terras por ámbolos seus dous lados. Aos efectos do seu armado tívose en conta o efecto de situacións provisionais de carga de terras non simétricas, como muro de contención, xa que son desfavorables respecto a situación final de proxecto.

A escaleira superior, confórmase en dous tramos. Un primeiro tramo solvéntase mediante un muro de contención en L, convencional, no que o trasdós soporta as escalas físicas, mais elevadas que a rasante das novas escaleiras mecánicas, e o intradós, protexe as novas escadas, que van apoiadas en extremos (e cun punto de apoio intermedio), así como a formación dun parterre a nivel da superficie do acceso a estas escaleiras (próximo ao nivel da prazoleta inferior). Esixe a demolición neste tramo do muro de contención actual, que interfere sobre esta xeometría.

Un segundo tramo destas escaleiras, se conforma xa soterrado, e se conforma mediante unha sección estrutural en “U”, que contén as terras pola marxe norte a nivel da rasante actual das escaleiras físicas, e pola marxe sur, do novo parterre que acompaña a rasante das escaleiras mecánicas.

Todos ditas estruturas deben executarse seguindo as prescricións de proxecto, especialmente as xeotécnicas e de materiais, e tendo en conta a drenaxe da carga de terras, zonas nas que deberá rechearse con material drenante, e formación de dren.

A formación das estruturas de contención formalízase con formigón HA30/ IIb, e aceiro B500 S

7. ACTUACIÓNS SEGUIMENTO ARQUEOLÓXICO. VALORIZACIÓN DA MURALLA

Como resultado do proceso de prospección arqueolóxica do proxecto descubríronse restos da muralla no entorno inmediato da zona de actuación. En concreto localizáronse zonas do lenzo no trasdós das actuacións de sostemento das escaleiras mecánicas, contra a fachada e fora de zona de intervención directa afecta as obras. Aínda que non existe intervención directa, incorpórase o seguimento arqueolóxico de todas as fases de escavación, e as prospeccións realizadas en fase de proxecto serán ampliadas en fase de obra.



Complementariamente o proxecto inclúe actuacións de valoración da muralla, que se incorporan en orzamento, con obxecto de mellorar a localización e interpretación da súa traza e das súas historia.

Inclúese un anexo específico coa descrición pormenorizada destas actuacións de valorización.

8. DISPONIBILIDADE DE TERREOS

Do que se desprende da cartografía municipal, e do inventario municipal de bens, o proxecto actúa sobre zonas adscritas ao dominio público municipal.

9. CUMPRIMENTO DA ORDENACIÓN URBANÍSTICA RECOLLIDA NO PLANEAMENTO MUNICIPAL

O ámbito pertence ao ámbito do Casco vello, incluída na ordenación do Plan Especial de Protección do Casco Histórico de Vigo. O proxecto non altera as prescricións fixadas para este espazo público.

10. AFECCIÓNS A ELEMENTOS DE PATRIMONIO

O ámbito pertence a unha zona catalogada como de protección integral de elementos arqueolóxicos, previamente á execución das obras será preceptivo un Proxecto arqueolóxico que valide a definición dos traballos recollidos neste Proxecto así como as medidas e cautelas a considerar.

Como elemento pertencente ao catálogo de espazos e elementos urbanos o PEPRI inclúe a Fonte de Baixada a Príncipe. A Fonte, resulta de unha actuación relativamente recente do Plan Urban, de inicios dos anos 90; e confórmase de forma simple mediante un aplacado de granito asimétrico sobre o muro de mampostería. Ten un nivel de protección ambiental, sen intereses específicos nin históricos nin arquitectónicos.

O proxecto respecta o paramento íntegro da Fonte, polo que as actuacións contempladas non alteran o espazo público nin o elemento, respectando o seu nivel de protección ambiental.

11. XUSTIFICACIÓN DE PREZOS

Para a obtención dos distintos prezos que figuran nos cadros de prezos número 1 e 2, redactouse o *Anexo de Xustificación de Prezos*, no cal se calcularon os custos directos das distintas unidades de obra e a partir destes os prezos de execución material segundo a fórmula:

$$P = (1+K/100) \cdot C$$

Sendo:



P: prezos de execución material en Euros

K: porcentaxe correspondente aos custos indirectos

C: custos directos en Euros

O valor K é función dos gastos non imputables a unidades concretas pero si ao conxunto da obra.
O devandito coeficiente está calculado no *Anexo de Xustificación de Prezos*, adoptando un valor do 6% para o presente proxecto.

12. ESTUDO DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO

Este estudio establece as previsións respecto a prevención de riscos de accidentes e enfermidades profesionais, así como os derivados dos traballos de reparación, conservación e mantemento, e as instalacións preceptivas de hixiene, saúde e benestar dos traballadores.

Servirá para dar unhas directrices básicas á empresa construtora para levar a cabo as súas obrigas no campo da prevención de riscos profesionais, facilitando o seu desenvolvemento, baixo o control da Dirección Facultativa, de acordo co Real Decreto 1627/1997, do 24 de Outubro, polo que se implanta a obrigatoriedade da inclusión dun Estudio de Seguridade e Saúde no Traballo nos proxectos de edificación e obras públicas.

Este estudio de Seguridade e Saúde inclúe:

- Memoria
- Planos
- Prego de condicións particulares
- Presuposto

O presuposto de execución material do Estudio de Seguridade e Saúde ascende á cantidade de:

CATORCE MIL EUROS (14.000€)

13. REVISIÓN DE PREZOS

Dada a duración das obras inferior a 1 ano, non é necesaria unha fórmula de revisión de prezos, non obstante inclúese unha proposta por se por circunstancias fose necesario ampliar o seu prazo. De acordo co Real Decreto 1359/2011, de 7 de outubro, polo que se aproba a relación de materiais básicos e as fórmulas-tipo xerais de revisión de prezos dos contratos de obras e de contratos de subministración de fabricación de armamento e equipamento das Administracións Públicas adóptase a fórmula do anexo II que máis adaptación ás características da obra.



A fórmula proposta é a 382 Urbanización e viais en ámbitos urbanos:

$$Kt=0,03Bt/B0+0,12Ct/C0+0,02Et/E0+0,08Ft/F0+0,09Mt/M0+0,03Ot/O0+0,03Pt/P0+0,14Rt/R0+0,12St/S0+0,01Tt/T0+0,01Ut/U0+0,32$$

As fórmulas propostas serán de aplicación só se así reflícteo o contrato de adxudicación das obras e, ademais unicamente cando o contrato se execute en máis dun 20 % e transcorra un ano dende a adxudicación das obras. De modo que nin a porcentaxe do 20% nin o primeiro ano de execución, contando dende a adxudicación, poden ser obxecto de revisión de prezos.

14. PRAZO DE EXECUCIÓN E PROGRAMACIÓN DAS OBRAS

Achégase a continuación a programación das obras, proxectadas definindo o prazo de execución:

	QUINCENAS										EJECUCIÓN MATERIAL	EJECUCIÓN CONTRATA
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10		
ACTUACIÓNS PREVIAS E MOVEMENTO DE TERRAS	6.883,31	6.883,31	6.883,31	6.883,31								39.645,08
REVALORIZACIÓN MURALLA								10.573,95	10.573,95	10.573,95		45.676,31
ESTRUTURAS			9.287,80	9.287,80	9.287,80							40.120,51
PAVIMENTACIÓN E FRIMES							14.618,47	14.618,47	14.618,47	14.618,47		84.196,55
ESCALEIRAS MECANICAS								112.841	112.841			324.958,82
CUBERTA									88.761,50	88.761,50		255.615,35
SANEAMENTO					10.692,72	10.692,72						30.792,90
ABASTECIMENTO					2.717	2.717						7.825,40
ELECTRICIDADE						6.449	6.449		6.449			27.858,18
TELECOMUNICACIÓNS						1.952	1.952					5.622,78
ALUMEADO							5.475	5.475	5.475	5.475		31.535,31
MOBILIARIO URBANO										11.187		16.108,46
XARDINERÍA Y REGO								2.032,04	2.032,04	2.032,04		8.777,79
VARIOS	4.374,72	4.374,72	4.374,72	4.374,72	4.374,72	4.374,72	4.374,72	4.374,72	4.374,72	4.374,72		62.991,58
XESTIÓN DE RESIDUOS	507,23	507,23	507,23	507,23	507,23	507,23	507,23	507,23	507,23	507,23		7.303,60
SEGURIDADE E SAÚDE	1.400,00	1.400,00	1.400,00	1.400,00	1.400,00	1.400,00	1.400,00	1.400,00	1.400,00	1.400,00		20.158,60
PRESUPUESTO EXECUCIÓN MATERIAL	13.165,25	13.165,25	22.453,05	22.453,05	28.979,81	28.993,60	34.777,27	191.822,43	247.033,03	138.930,38	700.873,13	
PEM PERÍODO	13.165,25	26.330,51	48.783,56	71.236,62	100.216,43	128.310,02	163.087,30	314.909,73	561.942,75	700.873,13		
PEC PERÍODO	18.956,65	18.956,65	32.330,15	32.330,15	41.728,03	40.451,97	50.075,79	218.609,12	355.702,85	200.045,85		
PEC ACUMULADO	18.956,65	37.913,30	70.243,45	102.573,60	144.301,63	184.753,60	234.828,40	453.438,52	809.141,37	1.009.187,22		1.009.187,22

15. PRAZO DE GARANTÍA

Establécese un prazo de garantía de 1 ano para tódalas obras, contando a partir da data de recepción pola Administración, segundo o disposto nas condicións sinaladas nos artigos 166 e seguintes do regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.



16. CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA

A clasificación do Contratista, co obxecto de cualificar as posibilidades respecto das esixencias que comporta o cumprimento do Contrato, establécese no Capítulo II Sección I do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro e modificado polo RD 773/2015, do 28 de agosto, polo que se modifican determinados preceptos do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas. Neste RD indícase que só será esixible clasificación naqueles subgrupos o importe de obra parcial dos cales sexa superior ao 20% do total do contrato. Non obstante cando as obras presenten partes fundamentalmente diferenciadas poderá esixirse a clasificación nalgunha delas aínda que o seu importe parcial non supere o 20% do total do contrato.

Tendo en conta todo isto, propónse para este proxecto a seguinte clasificación do contratista:

Grupo: C	Subgrupo: 3	Categoría: 2
Grupo: J	Subgrupo: 1	Categoría: 2
Grupo: G	Subgrupo: 6	Categoría: 1

Inclúese a clasificación no grupo G xa que as actividades consideradas aínda que non acadan o 20% do orzamento son fundamentais para a correcta execución da obra.

17. PRESUPUESTO DAS OBRAS

O presuposto de Execución Material das obras, segundo se indica no documento nº 4: Medicións e Presuposto, é:

Capítulo	Importe
1 MOVIMIENTO DE TIERRAS, TRABAJOS PREVIOS Y SEGUIMIENTO .	27.533,22
2 REVALORIZACIÓN MURALLA .	31.721,86
3 ESTRUCTURAS .	27.863,40
4 PAVIMENTACIÓN Y FIRMES .	58.473,89
5 ESCALERAS MECANICAS .	225.681,52
6 CUBIERTA Y REMATES ESCALERAS .	177.522,99
7 SANEAMIENTO .	21.385,44
8 ABASTECIMIENTO .	5.434,68
9 ELECTRICIDAD, Y ACCESOS A ESCALERAS (ELECTRICIDAD Y MANDO) .	19.347,30
10 TELECOMUNICACIONES .	3.904,98
11 ILUMINACIÓN .	21.901,04
12 MOBILIARIO URBANO .	11.187,21
13 JARDINERÍA Y RIEGO .	6.096,11
14 VARIOS .	43.747,19
15 GESTIÓN DE RESIDUOS .	5.072,30
16 SEGURIDAD Y SALUD .	14.000,00
Presupuesto de ejecución material	700.873,13
13% de gastos generales	91.113,51
6% de beneficio industrial	42.052,39



Suma	834.039,03
21% IVA	175.148,20
Presupuesto de ejecución por contrata	1.009.187,23

Ascende o presuposto de execución por contrata á expresada cantidade de **UN MILLÓN NOVE MIL CENTO OITENTA E SETE EUROS CON VINTESETE CÉNTIMOS. (1.009.187,23 €).**

18. CUMPRIMENTO DO ARTIGO 127.2 DO REGULAMENTO XERAL DA LEI DE CONTRATOS DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS, NO SENTIDO PERMITIDO POLOS ARTIGOS 74.3 DA LEY DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO, E 125 DO MESMO REGULAMENTO

Con esta Memoria e cos demais documentos dos que consta o presente Proxecto, o mesmo queda definido como **obra completa**, conforme sinalan o Artigo 125 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas e o artigo 74.3 da Lei de contratos do sector público.

19. CUMPRIMENTO DA LEI DE SUPRESIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS

Este documento foi redactado tendo en conta o disposto no decreto 35/2000, do 28 de Xaneiro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de "Accesibilidade e supresión de barreiras Arquitectónicas de Galicia".

O proxecto cumpre así mesmo a co disposto na Lei 10/2014 de 3 de Decembro, de accesibilidade.

Tamén é de cumprimento neste documento, o expresado na OrdeVIV/561/2010 de 1 de febreiro, pola que se *"desarrolla el documento técnico de condiciones básicas de accesibilidad y no discriminación para el acceso y utilización de los espacios públicos urbanizados"*.

20. CONFORMIDADE PREVIA DOUTROS ORGANISMOS

A conformidade previa a este Proxecto será dada polo Concello de Vigo, presentándose ao devandito Organismo un exemplar para a súa aprobación técnica.

Dado que o ámbito pertence a unha zona catalogada como de protección integral de elementos arqueolóxicos, previamente á execución das obras será preceptivo un Proxecto arqueolóxico que valide a definición dos traballos recollidos neste Proxecto así como as medidas e cautelas a considerar. Este proxecto terá que ser aprobado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia que dará o pertinente permiso para poder comezar as obras na zona.

21. DOCUMENTOS QUE INTEGRAN O PRESENTE ESTUDIO

Este proxecto adicional consta dos seguintes documentos:



DOCUMENTO Nº 1. MEMORIA E ANEXOS.

1 MEMORIA DESCRITIVA

2 ANEXOS Á MEMORIA

ANEXO 1	TOPOGRAFÍA
ANEXO 2	XEOLOXÍA E XEOTECNIA
ANEXO 3	PLANEAMENTO E ARQUEOLOXÍA
ANEXO 4	VALORIZACIÓN DA MURALLA
ANEXO 5	CÁLCULOS REDE DE RESIDUAIS E PLUVIAIS
ANEXO 6	CÁLCULOS REDE DE ILUMINACIÓN
ANEXO 7	ESTRUTURAS
ANEXO 8	ELEMENTOS MECÁNICOS
ANEXO 9	CUBRICIÓN
ANEXO 10	CONDIC. MÍN. EN FASE DE EXECUCIÓN E PROGRAM. DESTAS
ANEXO 11	XUSTIFICACIÓN DE PREZOS
ANEXO 12	CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA
ANEXO 13	COMUNICACIÓN CON ORGANISMOS E COMPAÑÍAS
ANEXO 14	ESTUDIO DE XESTIÓN DE RESIDUOS
ANEXO 15	ASPECTOS AMBIENTAIS
ANEXO 16	REPORTAXE FOTOGRÁFICO
ANEXO 17	CONTROL DE CALIDADE

DOCUMENTO Nº 2: PLANOS.

DOCUMENTO Nº 3: PREGO DE CONDICIÓN

DOCUMENTO Nº 4: PRESUPOSTO

DOCUMENTO Nº 5: ESTUDIO DE SEGURIDADE E SAÚDE





22. CONCLUSIÓN

O presente Proxecto, redactado por encargo do Concello de Vigo, cumpre coas Normas vixentes e polo tanto queda en condicións de ser presentado á aprobación dos distintos Organismos competentes na materia.

Vigo, xullo do 2016

O Enxeñeiro Autor do Proxecto
Fdo.: Santiago N. López Fontán
Colexiado 16.856



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 01/12/2016 11:13

Páxina 24 de 406

Aprobado en Xunta de Goberno do 23/09/2016

Código de verificación: 25E34-3A3DC-2D43B-2E33B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



ANEXOS Á MEMORIA



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 01/12/2016 11:13

Páxina 25 de 406

Aprobado en Xunta de Goberno do 23/09/2016

Código de verificación: 25E34-3A3DC-2D43B-2E33B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



ANEXO 1 TOPOGRAFÍA



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 01/12/2016 11:13

Páxina 26 de 406

Aprobado en Xunta de Goberno do 23/09/2016

Código de verificación: 25E34-3A3DC-2D43B-2E33B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

1. TOPOGRAFÍA

Como xeometría de partida tomáronse os datos da cartografía do Concello de Vigo, escala 1:1000. Ademais completouse a devandita cartografía cun levantamento topográfico aportado polo promotor das obras.

Antes do comezo da execución das obras realizarase unha comprobación das bases, e o reformulo das aliñacións propostas, así como dos rexistros e trazado dos diferentes servizos existentes.

O devandito levantamento servirá para corroborar as aliñacións propostas en proxecto, especialmente dos servizos urbanos a situación nalgún caso dos cales non se coñecerá de xeito exacto ata que se levante o pavimento na zona de actuación.

Antes do inicio da obra, o contratista contactará coas compañías prestatarias dos servizos urbanos, co obxecto de proceder ao levantamento das aliñacións dos servizos afectados, e no seu caso, programar as obras, para que os cortes de subministración que se teñan que producir, respondan a un criterio axeitado, e en todo caso minimicen o prazo de afección.

Axúntase plano topográfico.

PLANS ESTRATÉGICOS TERRITORIAIS
DE TRANSPORTE E AMBIENTES
2044PY035 R01

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 01/12/2016 11:13

Páxina 27 de 406

Aprobado en Xunta de Goberno do 23/09/2016

Código de verificación: 25E34-3A3DC-2D43B-2E33B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



PLANO TOPOGRÁFICO



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 01/12/2016 11:13


Páxina 28 de 406

Aprobado en Xunta de Goberno do 23/09/2016

Código de verificación: 25E34-3A3DC-2D43B-2E33B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

C/ EQUADOR, 20-2INTEPLANTA, 36203 VIGO - PONTEDERRA, TNO: 986/441186, FAX: 986/441059, C.I.F. B-36872075 Inscrita en el Registro Mercantil Tomo 2486, Libro 2486, Folio 1, Sección 8, Hoja PO-26060, Inscripción 1ª. petra@petras.es



PROXECTO DE MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEONIL
ENTRE A PORTA DO SOL E ABELEIRA MENÉNDEZ FASE II

ENXENHO AUTUR DO PROXECTO
SANTIGO N. LOPEZ FONTAN
CONCELLO N. 16320

CONCELLERÍA DE FOMENTO
CONCELLO DE VIGO

EMPRESA CONSULTORA
PETRA

ESCALAS GRÁFICAS
E: 1/250
0 25 50 m

DISEÑADO POR
CONCELAO POR
SANTIGO N. LOPEZ FONTAN

SUSTITUE A
CONCELAO POR
ANIL 200711 499

DESIGNACION
TOPOGRAFIA

DATA
XULIO 2016
FOLIA
1 DE 1

PLANS ESTRATEXICOS TERRITORIAIS DE TRANSPORTE E AMBIENTAIS



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 01/12/2016 11:13	Páxina 29 de 406
Aprobado en Xunta de Gobierno do 23/09/2016	Código de verificación: 25E34-3A3DC-2D43B-2E33B	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



ANEXO 2 XEOLOXÍA E XEOTECNIA



PLANS ESTRATÉGICOS TERRITORIAIS
DE TRANSPORTE E AMBIENTES
2044PY035 R01



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 01/12/2016 11:13

Páxina 30 de 406

Aprobado en Xunta de Goberno do 23/09/2016

Código de verificación: 25E34-3A3DC-2D43B-2E33B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

1. INTRODUCCIÓN, OBXECTO E ANTECEDENTES

O Anexo presentado a continuación presenta o recoñecemento xeolóxico-xeotécnicos realizado para o PROXECTO DE MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEONIL ENTRE A PORTA DO SOL E ABELEIRA MENÉNDEZ, FASE II.

O ámbito da actuación ubícase na localidade de Vigo, na provincia de Pontevedra.

O recoñecemento xeolóxico-xeotécnico partiu da recompilación e a análise da documentación existente. Posteriormente realizáronse varias visitas de campo.

No que se refire a traballos e publicacións existentes, consultouse e analizouse, entre outros, os seguintes documentos:


- Folla nº 223 (Vigo) do Mapa Xeolóxico Nacional, MAGNA, a escala 1/50.000.
- Folla nº 16-26 (PONTEVEDRA) do Mapa Xeotécnico Xeneral, a escala 1/200.000.
- Foja nº 16-26 (PONTEVEDRA) do Mapa Xeral de Rochas Industriais, a escala 1/200.000.

2. ENTORNO XEOLÓXICO – XEOTÉCNICO XERAL.


A futura actuación correspondente ó PROXECTO DE MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEONIL ENTRE A PORTA DO SOL E ABELEIRA MENÉNDEZ, localízase no centro urbán da cidade de Vigo, ó fondo da ría do mesmo nome.

Dende o punto de vista xeolóxico, a zona está no macizo Hespérico; concretamente na zona “Centro Ibérica” definida por Lozte (1945), posteriormente revisada por Matte (1968) quen denomina a esta área “Zona V: Galicia occidental – NO de Portugal”.






Mapa xeolóxico



MACIZO IBÉRICO	CADENAS	ALPINAS
<ul style="list-style-type: none"> Zona Cantábrica Zona Asturoccidental-Leonesa Zona Centroibérica Zona de Oesa-Morena Zona Surportuguesa 	CORDILLERA PIRENAICA <ul style="list-style-type: none"> Cobertura Meso-Cenozoica Basamento de la Zona Axial Zona Cantábrica Zona Asturoccidental-Leonesa 	CORDILLERA IBÉRICA Y COSTERO-CATALANA <ul style="list-style-type: none"> Cobertura Meso-Cenozoica Basamento Varisco CORDILLERA BÉTICA Y BALEARES <ul style="list-style-type: none"> Cordillera Bética (s.l.) Cuencas Cenozoicas

Compartimentación estructural da Península Ibérica






División del Macizo Ibérico según Matte (1968)

Esta unidade subdivídese en tres subunidades ou dominios de composición e estrutura particulares:

- Dominio da fosa blastomilonítica.
- Dominio migmatítico e das rochas graníticas.
- Dominio dos granitoides tardíos.

O ámbito de actuación localízase no dominio migmatítico e das rochas graníticas aínda que están presentes, como se comentará máis adiante, manifestacións plutónicas tardihercínicas cunha influencia nos materiais descritos evidente e notable.





Unidades estruturais no Oeste de Galicia

A xeoloxía local está determinada pola presenza dun gran paquete metasedentario (esquistos e paraneises) de idade comprendida entre o Precámbrico e o Silúrico, que a súa vez foron intruídos por diversos corpos graníticos durante as distintas fases da oroxenia hercínica.

A fracturación principal é de tendencia NO-SE, como corresponde á principal dirección de deformación hercínica a nivel rexional, e de tendencia subvertical.

Por outra parte é notable a presenza doutra familia de fracturas que xogan cunha dirección perpendicular ás mencionadas.

Como pode observarse, a grandes rasgos, no ámbito de actuación identifícanse dúas grandes unidades xeolóxicas: esquistos e paraneises de idade Precambro-silúricos e granodiorita biotítica con megacristais.

A continuación coméntase detalladamente o entorno xeolóxico, en cada un dos seus aspectos máis relevantes:

PETRAPLANS ESTRATÉGICOS TERRITORIAIS
DE TRANSPORTES E AMBIENTAIS
2044PY035 R01

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 01/12/2016 11:13

Páxina 34 de 406

Aprobado en Xunta de Goberno do 23/09/2016

Código de verificación: 25E34-3A3DC-2D43B-2E33B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

2.1. Litoloxía

Os materiais presentes na zona investigada poden agruparse en dous grandes conxuntos: Basamento paleozoico e Sedimentos cuaternarios. O basamento paleozoico está constituído, como xa se mencionou, por esquistos, paraneises e granitos hercínicos. Por outro lado, a nivel local aínda que non afectan ó ámbito de actuación, atópanse sedimentos cuaternarios relacionados con la dinámica litoral.

No ámbito de actuación, a formación xeolóxica maioritaria é a representada polos paraneises con plaxioclasas, biotita e microesquistos de idade Precambro – Silúrico.

Trátase de esquistos micáceos ricos en cuarzo, pouco ou nada migmatizados, provintes da metamorfización de rocas pelíticas. Frecuentemente presentan venas de cuarzo ou cuarzo-feldespato con pregamento ptigmático.

Esta unidade presenta frecuentemente signos de metamorfismo de contacto como é a blástese mineral (andalucita e granates) provocado polos diferentes pulsos ou movementos dos granitos migmáticos.

Minoritariamente, nesta unidade tamén aparecen de forma discreta, anfibolitas interestratificadas.

As condicións de afloramento desta unidade non son boas, presentando perfís de alteración que poden acadar varios metros de espesura.

Nas zonas nas que aflora (zonas altas e cerros armados con venas de cuarzo), presenta un aspecto foliado e repregado, tonos gris escuro e aspecto altamente fracturado.

A outra gran unidade detectada e destacada no ámbito de actuación é a “Granodiorita con megacristais feldespáticos”. Trátase dunha rocha granítica, de idade tardihercínica, asimilable á coñecida rexionalmente como “Granodiorita de Caldas de Reis”.

Trátase de granitos calcoalcalinos emprazados nas últimas etapas da oroxenia hercínica. A tenor da cantidade de apófises, venas e afloramentos illados deste tipo de materiais, a intrusión debe atoparse bastante preto da superficie actual do terreo. O aspecto no campo é dun granito de gran groso, con tendencia equigranular a inequigranular seriada, destacando polo seu tamaño os feldespatos. Presenta tonalidades rosáceas e, por alteración, zonas verdosas (epidota e clorita). Adoita presentarse bastante fracturado.

Os afloramentos, normalmente, presentanse en forma de berrocais (“bolos”) desconectados do macizo rochoso; é dicir, “flotando” no produto de alteración do mesmo granito; coñecido localmente como “Xabre”.



2.2. Tectónica

A evolución tectónica zonal, e en xeral a do macizo Hespérico, foi polifásica. A grandes rasgos existiron tres grandes fases de deformación.

- A primeira fase é a que conforma as grandes estruturas xeolóxicas existentes a nivel rexional: Pregues isoclinais.

Os pregues presentan unha esquistosidade moi marcada, paralela ó seu plano axial. Os eixos presentan direccións comprendidas entre N 130 E e N 160 E con inmersión de 10- 20° al SE. Nembargantes non se observou no complexo Vigo-Pontevedra, estruturas pregadas debidas a esta posible etapa de deformación.

- A segunda fase de deformación Hercínica: desenvolve unha esquistosidade de fluxo de plano axial case sempre apreciable con claridade nos afloramentos da Folla. Dentro do complexo Vigo-Pontevedra os planos teñen converxencia variable con buzamentos desde 0° a 50°, os rumbos teñen tendencia meridiana. Non se atoparon estruturas pregadas correspondentes a esta fase. Pódense deducir algúns dos seus caracteres a partir da xeometría dos planos: trataríase de pregues pretos isoclinais, nos seus flancos de longo desenvolvemento o ángulo entre a estratificación e a esquistosidade sería mínimo.

Nos gneises de biotita e de riebeckita asociados ó complexo de Vigo-Pontevedra, a deformación da fase maniféstase nunha intensa foliación, de acordo coa esquistosidade de fluxo; o aplastamento e recristalización dos minerais segundo estes planos orixina texturas planares e plano-lineais moi característicos.

Polo tanto nas dúas fases desenvólvense acompañadas por metamorfismo rexional de intermedia a baixa presión. O emprazamento de masas graníticas ten lugar ó longo do ciclo, durante e con posterioridade á deformación, orixinando en algúns casos metamorfismos de contacto.

- A terceira fase: na zona central da Folla representáronse macroestruturas que se atribúen e esta fase da deformación hercínica. Estes pregues de gran radio dedúcese do cambio de converxencia dos planos. A dirección axial dos mesmos é aproximadamente N-S; os eixos teñen cabeceo variable e o plano axial é bastante inclinado; as trazas dos eixos na cartografía resultan sinuosas como consecuencia da pequena inclinación dos planos da esquistosidade de fluxo, das condicións topográficas, do cabeceo axial e posiblemente de variacións de competencia no material deformado. Esta fase está igualmente representada en estruturas menores, xeralmente micropregues da esquistosidade; en ocasións acompañanse de dunha esquistosidade de crenulación de plano axial subvertical mellor desenvolvida nos tramos pelíticos da serie.

En canto ás deformacións posthercínicas, son frecuentes as fracturas con desprazamento destro ou sinistro cuns planos de falla, en ocasións conxugados, adaptacións ás direccións N 60° E e N 170 °E, aproximadamente coincidentes con direccións de desgarre tardihercínicas.



As fallas normais, posiblemente relacionadas cunha etapa de distensión mesozoica, teñen como direccións dominantes N 30° E e N 30 ° W; en ocasións pódense apreciar nos espellos de falla indicios de sucesivos desprazamentos.

Nesta fase prodúcese unha descompresión cortical, durante a que se xeran importantes sistemas de fracturación que seguen aliñacións SW-NE, N-S, e WNW-ESE; a favor dalgunhas destas direccións de fracturación prodúcese basculamentos do borde continental, que provocan a inundación da ría.

Da evolución finiterciaria e cuaternaria quedan rastros xeomorfolóxicos de niveis de erosión e sedimentos detríticos, na súa maior parte costeiros, de escasa entidade.

2.3. Sismicidade


Para coñecer as características sísmicas da zona consultouse a Norma de Construción Sismorresistente NCSE-02, na que se inclúe un mapa de perigosidade sísmica da península Ibérica. Este mapa indica a aceleración sísmica básica en cada punto do territorio nacional expresada en función do valor da gravidade.

Segundo os criterios de aplicación da norma, esta non é de aplicación obrigatoria nos seguintes casos:

- Construcións de importancia moderada.
- Construcións de importancia normal ou especial en aqueles municipios nos que a aceleración básica sexa inferior a 0,04 g; sendo g a aceleración da gravidade.
- Nas construcións de importancia normal con pórticos ben arriostrados entre si en tódalas direccións cando a aceleración sísmica básica "ab" (art. 2.1) sexa inferior a 0,08g.

Nembargantes, a Norma será de aplicación nos edificios de máis de sete plantas se a aceleración sísmica de cálculo, ac, (art. 2.2) é igual ou maior de 0,08 g.





Mapa de peligrosidade sísmica da península Ibérica

No mapa de Peligrosidade Sísmica, a zona a construír, atópase nun municipio cunha aceleración básica é inferior a 0,04g.

Neste caso concreto, as construcións que se prevén no presente Proxecto son de “Normal importancia” e a aceleración sísmica básica é inferior a 0,04g. Polo que non resulta obligatoria a aplicación de dita Norma.

2.4. Xeomorfoloxía

O ámbito de estudo localízase na marxe Sur da Ría de Vigo. O relevo a nivel comarcal está claramente influenciado pola xeoloxía local. No relevo existente destacan os montes que bordean a cidade de Vigo formado polos ortogneises e rochas metamórficas, formando unha elevación costeira onde, debido en parte ós continuos incendios que asolaron a zona, o desenvolvemento edáfico non é óptimo.

Estas unidades xeran suaves ladeiras e, agás excepcións, escaso encaixonamento da rede hidrográfica secundaria.

Nestas zonas as pendentes adoitan ser inferiores ó 15%, e é onde se asentan as poboacións e terras de cultivo do entorno.



O aspecto das superficies xeradas é o de suaves ladeiras ou chairas, sen escarpes acusados (salvo naquelas zonas de concentración de inxeccións de cuarzo ou filóns graníticos).

Os regueiros soen organizarse de forma que discorren subparalelos a zonas estruturalmente febles como son fallas ou direccións principais da esquistosidade principal.

Por outra parte, as direccións de contacto entre granitos e esquistos tamén favorecen unha organización paralela dos arroios.

No ámbito de actuación predominan os relevos suaves formados a partir dos esquistos máis ou menos alterados. As zonas de intrusión granítica soen presentarse como afloramentos illados (peñas desconectadas ou mesmo “bolos graníticos illados”).

2.5. Hidroxeoloxía

As características hidroxeolóxicas do entorno están determinadas pola xeoloxía local e a xeomorfoloxía existente.

En xeral, as rochas presentes no entorno presentan unha porosidade primaria practicamente nula e cando se presenta é de tipo fisural.

A infiltración concéntrase, polo tanto, en zonas de fractura ou de gran alteración.

Por outro lado, a climatología galega, con temperaturas suaves e choivas copiosas, favorece a meteorización das litoloxías descritas. O produto de alteración de ditas litoloxías soen ser areas, con máis ou menos finos, pero de permeabilidade bastante alta por porosidade intergranular.

Nestas zonas, a evacuación das augas meteóricas prodúcese mediante un mecanismo mixto de infiltración e escorrentía superficial.

Este feito, unido ó desenvolvemento edáfico presente en zonas con vexetación, favorece o prolongado contacto da humidade co macizo rochoso, favorecendo a súa alteración e a lenta percolación, a través de fracturas, das augas meteóricas; conformando os acuíferos profundos.

Cabe esperar, polo tanto, a existencia de, polo menos, dous niveis de acuífero. Por un lado os acuíferos sub-superficiais, xerados na zona alterada do macizo rochoso e polo outro lado, a nivel rexional, acuíferos profundos xerados a partir da entrada de augas a favor das fracturas existentes no macizo rochoso.



PLANS ESTRATÉGICOS TERRITORIAIS
DE TRANSPORTES E AMBIENTES
2044PY035 R01



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 01/12/2016 11:13

Páxina 39 de 406

Aprobado en Xunta de Goberno do 23/09/2016

Código de verificación: 25E34-3A3DC-2D43B-2E33B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

3. XEOTECNIA

O ámbito de traballo abrangue unha zona moi consolidada, con dificultades de acceso, e material heteroxéneo; factores que condicionan a fase de proxecto, onde non se concreta ensaios de caracterización xeotécnica. En fase de obra, se avaliará a oportuna realización dos devanditos ensaios, e en todo caso se verificarán as condicións de execución das cimentacións, determinando as características resistentes do terreo.

O proxecto incorpora a entibación das gabias de servizos. Dita entibación foi prevista no orzamento.

Para o dimensionamento de firmes considerouse, como hipótese máis desfavorable, que a explanada existente é de tipo E2, o plan de ensaios durante a execución das obras deberá garantir o cumprimento de dita prescrición, unha vez se concrete a obra civil e explanacións precisas para a execución dos terreos.

Para o dimensionamento das cimentacións de estruturas fixouse unha resistencia característica do terreo de 1,5 kg/cm²; o plan de ensaios durante a execución das obras deberá garantir o cumprimento de dita prescrición

PLANS ESTRATÉGICOS TERRITORIAIS
DE TRANSPORTE E AMBIENTES
2044PY035 R01

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 01/12/2016 11:13

Páxina 40 de 406

Aprobado en Xunta de Goberno do 23/09/2016

Código de verificación: 25E34-3A3DC-2D43B-2E33B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



ANEXO 3 PLANEAMENTO E ARQUEOLOXÍA



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 01/12/2016 11:13

Páxina 41 de 406

Aprobado en Xunta de Goberno do 23/09/2016

Código de verificación: 25E34-3A3DC-2D43B-2E33B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



1. PLANEAMENTO E ARQUEOLOXÍA

O ámbito pertence ao Casco vello, incluído na ordenación do Plan Especial de Protección do Casco Histórico de Vigo, aínda que limítrofe coa zona do PEP do Ensanche. O proxecto non altera as prescricións fixadas para este espazo público.

O ámbito pertence a unha zona catalogada como de protección integral de elementos arqueolóxicos, previamente á execución das obras será preceptivo un Proxecto arqueolóxico que valide a definición dos traballos recollidos neste Proxecto así como as medidas e cautelas a considerar.

Como elemento pertencente ao catálogo de espazos e elementos urbanos o PEPRI inclúe a Fonte de Baixada a Príncipe. A Fonte, resulta de unha actuación relativamente recente do Plan Urban, de inicios dos anos 90; e confórmase de forma simple mediante un aplacado de granito asimétrico sobre o muro de mampostería. Ten un nivel de protección ambiental, sen intereses específicos nin históricos nin arquitectónicos.

O proxecto respecta o paramento íntegro da Fonte, polo que as actuacións contempladas non alteran o espazo público nin o elemento, respectando o seu nivel de protección ambiental.

PLANS ESTRATÉGICOS TERRITORIAIS
DE TRANSPORTE E AMBIENTE
2044PY035 R01

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 01/12/2016 11:13

Páxina 42 de 406

Aprobado en Xunta de Goberno do 23/09/2016

Código de verificación: 25E34-3A3DC-2D43B-2E33B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR
PEPRI CASCO VELLO. VIGO

FICHA CATÁLOGO ESPACIOS E ELEMENTOS URBANS PÚBLICOS

Nº FICHA: **F_004**

DATOS XERAIS

DENOMINACIÓN:

Fonte de Baixada á Príncipe

LOCALIZACIÓN:

Baixada a Príncipe

TIPO:

Fonte de cano

DESCRIPCIÓN:

Fonte de dous canos a distinta altura que sobresaen do aplacado de granito silvestre moreno fixado con anclaxes metálicas ao muro de mampostería. A recollida de auga realízase a través dun imbormal en fundición enrasado co enlousado de granito.

CATEGORÍA:

Incluído en catálogo

ÁMETO:

Local

NIVEL PROTECCIÓN:

Ambiental

INTERESE URBAN:

C. Medio

INTERESE HISTÓRICO:

C. Medio

INTERESE ARQUITECTÓNICO:

C. Medio

ESTADO CONSERVACIÓN:

Regular.

OBSERVACIÓN:

Esta actuación de José Magdalena Nogueira proxectada en 1992, inclúese nas obras do Plan Urban que afectan ao entorno de Baixada a Príncipe.

ELEMENTOS A PROTEXER

Tipoloxía da fonte

MELLORAS NECESARIAS:

NO ELEMENTO: Tarefas de limpeza e prevención de actos vandálicos.

OBRAS

PROHIBIDAS:

Alteración dos elementos protexidos

PERMITIDAS:

Limpeza

Reforma ou dotación de novas instalacións de servizos


Restauración ou reparación dos elementos deteriorados





PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR PEPRI CASCO VELLO. VIGO

PLANO LOCALIZACIÓN



F_01



F_02



F_03

CONSULTORA GALEGA S.L.

F_004



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 01/12/2016 11:13

Páxina 45 de 406

Aprobado en Xunta de Goberno do 23/09/2016

Código de verificación: 25E34-3A3DC-2D43B-2E33B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



ANEXO 4 VALORIZACIÓN DA MURALLA



PLANS ESTRATÉGICOS TERRITORIAIS
DE TRANSPORTE E AMBIENTES
2044PY035 R01



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 01/12/2016 11:13

Páxina 46 de 406

Aprobado en Xunta de Goberno do 23/09/2016

Código de verificación: 25E34-3A3DC-2D43B-2E33B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

AVANCE DO

PROXECTO DE DESEÑO ARTÍSTICO DA OBRA CIVIL DE REVALORIZACIÓN DA MURALLA MODERNA DE VIGO, DENTRO DA ACTUACIÓN DE MELLORA DE ACCESIBILIDADE PEONIL ENTRE A PORTA DO SOL E ABELEIRA MENÉNDEZ, FASE 2



**CONCELLO
DE VIGO**



Redacción: Matilde González Méndez

Promotor: Concellería de Fomento (Concello de
Vigo)



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 01/12/2016 11:13

Páxina 47 de 406

Aprobado en Xunta de Goberno do 23/09/2016

Código de verificación: 25E34-3A3DC-2D43B-2E33B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

ÍNDICE

0. RESUMO	3
1. PRESENTACIÓN: AS MURALLAS NA CONFORMACIÓN DA CIDADE	5
2. OBXECTIVOS DA ACTUACIÓN	10
3. SINTESE DO TRABALLO REALIZADO	16
3.1 Revisión documental e bibliográfica	17
3.2 Baleirado de informes arqueolóxicos	18
3.3 Revisión cartográfica	19
3.4 Exploración da traza	21
3.5 Deseño e formulación inicial da actuación	25
4. PERCORRIDO POLA TRAZA DA MURALLA	26
5. PROPOSTA DE ACTUACIÓN	38
5.1 Listaxe preliminar de argumentos narrativos	39
5.2 Actuación sobre o terreo	43
5.3 Actuación complmentaria	51
6. BIBLIOGRAFÍA E DOCUMENTACIÓN	57
FICHA TÉCNICA	60
ORZAMENTO	61
ANEXO GRÁFICO	65



0. RESUMO

Matilde González - Concellería de Fomento (Concello de Vigo)

3



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 01/12/2016 11:13

Páxina 49 de 406

Aprobado en Xunta de Goberno do 23/09/2016

Código de verificación: 25E34-3A3DC-2D43B-2E33B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

O presente documento é un avance do *Proxecto de deseño artístico da obra civil de revalorización da muralla moderna de Vigo*.

Logo de presentar brevemente, no capítulo 1, as murallas ao longo da historia da cidade de Vigo. No capítulo 2 sinálanse os obxectivos do traballo.

O capítulo 3 da conta das tarefas realizadas ata a data: reunión de documentación e examen inicial, análise de planimetría antiga, revisión de informes arqueolóxicos, examen da traza sobre o terreo, trasposición de datos históricos e planimétricos a cartografía actual e ortofoto.

No capítulo 4 ofrécese un percorrido pola traza ao longo do cal se van apuntando diversas circunstancias de interese para o deseño da actuación de revalorización.

O capítulo 5 avanza un deseño inicial da revalorización. Esta comprende basicamente a creación de dúas pequenas zonas expositivas (no Forte de San Sebastián e na Praza dos Conquistadores), a disposición de 7 paneis en distintos puntos da traza e a sinalización do seu percorrido con placas no chan. O capítulo remata con outras posibilidades de actuación que incrementarían o alcance da proposta inicial.

Aínda que se trata dun documento inicial, que terá que medrar en profundidade e concreción, esboza xa a actuación de revalorización e permite sometela a discusión de cara a concretar mellor as directrices a seguir no deseño da súa forma final.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 01/12/2016 11:13

Páxina 50 de 406

Aprobado en Xunta de Goberno do 23/09/2016

Código de verificación: 25E34-3A3DC-2D43B-2E33B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

1. PRESENTACIÓN: AS MURALLAS NA CONFORMACIÓN DA CIDADE



Matilde González - Concellería de Fomento (Concello de Vigo)

5



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 01/12/2016 11:13

Páxina 51 de 406

Aprobado en Xunta de Goberno do 23/09/2016

Código de verificación: 25E34-3A3DC-2D43B-2E33B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Ao longo da historia as murallas tiveron usos, formas e destinos variados. En todo caso interveñen de forma rotunda na conformación do poboamento da cidade e na vida cotián dos seus veciños. Máis alá das implicacións urbanísticas, militares ou políticas que agochan, as murallas sinalan un “adentro” e un “afora” que determina a experiencia de vida dos veciños. Dentro, as murallas marcan un espazo seguro e afable, pero tamén o límite da vista na vida cotiá, cerran a vista á paisaxe que se estende máis aló delas, delimitan o universo cotiá. Fóra sinalan o espazo aberto, exposto, e inseguro en determinados momentos.

As murallas forman parte da historia de Vigo dende os seus orixes, aínda que non sempre estiveron presentes na súa historia. De feito, poderíase facer unha narrativa da entidade da cidade dende as súas orixes ata o século XIX, en que as cercas perden o seu sentido defensivo, a través da presenza ou ausencia da muralla como compoñente da cidade. Esta narrativa podería continuar no século XXI, doutro xeito, coa revalorización dos seus vestixios como mostra do espesor histórico da cidade. Así o están a facer moitas, cidades, grandes e pequenas, ao longo de todo estado.



Debuxo hipotético do castro de Vigo, o primeiro poboamento estable e amurllado da cidade. Ao seu pe a zona onde agora se atopa O Areal e o Casco Vello (Cartel da musealización do Castro de Vigo.

Patrimonio Histórico. Concello de Vigo)

Matilde González - Concellería de Fomento (Concello de Vigo)

6



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 01/12/2016 11:13

Páxina 52 de 406

Aprobado en Xunta de Goberno do 23/09/2016

Código de verificación: 25E34-3A3DC-2D43B-2E33B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

En Vigo as murallas estaban xa presentes no século III antes de Cristo. **O primeiro poboamento estable da zona, O castro de Vigo, tería unha/s muralla/s** que hoxe non coñecemos. Aínda que poderían quedar restos dela en áreas aínda non escavadas, estaría desaparecida en grande parte pola sucesiva ocupación do monte. En todo caso, no castro teríamos a primeira habitación cinguida por una muralla, que probablemente serviu de canteira a posteriores construcións: Castelo de O Penso e/ou fortaleza do Castro.


Co dominio romano, o poboamento desprázase á veira costeira configurando un asentamento que, consonte aos datos actualmente dispoñibles, sería aberto.



Plano de Vigo a mediados do século XVI (Arquivo Xeral de Simancas. MPD, 16, 015)




A ocupación aberta mantívose durante época medieval (a excepción dunha fortaleza que a documentación cita no monte do Castro), o que nos permite pensar que o poboamento nesta época sería leve e difuso. Dado que en época medieval as murallas configuran o ser dunha cidade e serven a múltiples funcións: límite do seu territorio, defensa, demostración de poder, capacidade fiscal, ornato... a súa inexistencia en Vigo remítenos a un poboamento de baixa intensidade e escaso desenvolvemento.



Perspectiva da vila de Vigo e a súa fortificación (Ano 1667. Arquivo Xeral de Simancas. MPD, 08, 069)



De forma distinta, as murallas modernas, murallas contra a pólvora, responden basicamente a una función militar e defensiva e non tentan articular a cidade como o facían en época medieval, simplemente a pechan para a súa defensa. Este é o sentido da muralla obxecto deste traballo.



Plano do recinto de Vigo (1762. Arquivo Xeral de Simancas. MPD, 20, 085)

Aínda que sintético, este repaso pola historia viguesa a través das súas murallas ilústranos a súa capacidade narrativa para achegarnos á historia da cidade. A simple descrición das implicacións da súa presenza o ausencia dá conta das "formas de estar ou ser" dos veciños, da adicación e importancia da cidade, dos diferentes espazos habitados ao longo do tempo... en suma, do discorrer da vila e os seu veciños ao longo do espazo e do tempo.



2. OBXECTIVOS DA ACTUACIÓN



Matilde González - Concellería de Fomento (Concello de Vigo)

10



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 01/12/2016 11:13

Páxina 56 de 406

Aprobado en Xunta de Goberno do 23/09/2016

Código de verificación: 25E34-3A3DC-2D43B-2E33B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

O obxecto desta proposta é a **revalorización da muralla moderna** que pechaba a cidade, dende o forte de S. Sebastián ata o cabo de A Laxe e o Berbés. Comezouse a construír en torno a 1656 e derrubouse, case por completo, ao longo da segunda metade do século XIX. A pesar de que se ten tratado en diversos estudos e traballos sobre a historia e urbanismo da cidade **dela apenas coñecemos:**

- 1) A súa **traza xeral**, a través da cartografía e documentación histórica
- 2) **Algúns vestixios visibles**, como os restos do Forte de San Sebastián e o tramo de muralla anexa.
- 3) A localización dalgúns **restos puntuais no subsolo**, documentados en escavacións e controis arqueolóxicos.



Vista aérea do forte de San Sebastián (2006)

En todo caso, esta muralla **era parte dun sistema defensivo máis amplo e complexo** que se completaba **coa fortaleza do Monte do Castro**, aínda conservada en gran parte. Apuntamos este feito para apelar a unha certa

Matilde González - Concellería de Fomento (Concello de Vigo)

11



unidade no tratamento de ambas estruturas no ámbito patrimonial e narrativo, aínda que a particular situación de cada unha destas estruturas (unha visible e outra case desaparecida) sexa diferente.



Vista aérea do castelo do Castro (2006)

Dar a coñecer unicamente a fortaleza do Monte do Castro sería ofrecer unha historia cercenada. Ilustrar a parte desaparecida deste sistema, completaría a imaxe da cidade en época moderna e permitiría explicar a súa interacción coa veciñanza, pois é na muralla desaparecida onde máis estreitamente establecíase.

O ideal sería contar cunha sorte de plan director para o sistema defensivo moderno da cidade de Vigo que incluíse a Fortaleza do Castro e o tratamento da muralla que pechaba a cidade. En todo caso, o traballo que aquí se propón,

Matilde González - Concellería de Fomento (Concello de Vigo)

12



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 01/12/2016 11:13

Páxina 58 de 406

Aprobado en Xunta de Goberno do 23/09/2016

Código de verificación: 25E34-3A3DC-2D43B-2E33B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

de recoñecemento e difusión da muralla, require unha tarefa específica cuxo resultado podería integrarse logo nun plan de xestión e difusión ou de revalorización conxunto. Centrándonos por iso nas murallas obxecto desta proposta, **os obxectivos básicos do traballo son:**

- (1) Estudar a muralla moderna, a súa traza e evolución ao longo dos séculos de uso e a súa relación con outros elementos (cárcere, mercado, etc.) e acontecementos (Reconquista, guerras, epidemias, etc.) da cidade e os seus veciños.
- (2) Revalorizala e dala a coñecer mostrando a súa dimensión cultural, ensinando a percibila no rueiro actual actual, descubriendo aos veciños os seus múltiples sentidos e o seu interese no devir social, económico e histórico da cidade.



Estado actual do forte de San Sebastián polo seu lado Leste





Tramo da muralla musealizado en A Laxe

Matilde González - Concellería de Fomento (Concello de Vigo)

14



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 01/12/2016 11:13

Páxina 60 de 406

Aprobado en Xunta de Goberno do 23/09/2016

Código de verificación: 25E34-3A3DC-2D43B-2E33B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Para alcanzar tales **obxectivos** xerais trataranse de resolver os seguintes **específicos**:

- 1) *Identificar os elementos da muralla* que teñan chegado á actualidade, tanto os xa coñecidos como outros que puideran estar formando parte do parcelario ou caserío actual.
- 2) Revisar o seu *estado de conservación* e propoñer as medidas necesarias para o seu mantemento.
- 3) Coñecer e reconstruír na medida en que sexa posible o seu *sistema construtivo*.
- 4) Identificar elementos que, sen ser parte da muralla, sinálennos a súa presenza, tales como *trazado ou os nomes do rueiro*, etc., xa que conforman elementos intanxibles da mesma que nos remiten á súa traza.
- 5) Coñecer o *contexto social, económico e histórico* no que funcionou a cerca de cara a reconstruír a súa historia de uso e a súa relación coa vida da cidade.
- 6) A partir do contexto histórico anterior, *desenvolver unha "narrativa"* ou relato histórico, baseada no coñecemento histórico pero elaborada de forma que resulte comprensible e atractiva, que dote de sentido aos restos.
- 6) *Sinalizar ou indicar a traza da cerca*, os seus elementos, edificios ou espazos significativos.
- 7) *Concretar* o sistema a través do cal transmitirase *esa narrativa*: cartelería, folletos, sinalética a pé de rúa, definición dunha área de exposición...



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 01/12/2016 11:13


Páxina 61 de 406

Aprobado en Xunta de Goberno do 23/09/2016

Código de verificación: 25E34-3A3DC-2D43B-2E33B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

3. SÍNTESE DO TRABALLO REALIZADO



Matilde González - Concellería de Fomento (Concello de Vigo)

16



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 01/12/2016 11:13

Páxina 62 de 406

Aprobado en Xunta de Goberno do 23/09/2016

Código de verificación: 25E34-3A3DC-2D43B-2E33B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>


Desenvolveuse unha primeira fase do traballo na que se realizaron as tarefas que a continuación se resumen:

3.1 REVISIÓN DOCUMENTAL E BIBLIOGRÁFICA

Fíxose unha primeira aproximación á documentación sobre a muralla, sobre o momento histórico da súa construción e dos algo máis dos dous séculos de funcionamento. Resultado da mesma é a localización dunha gran variedade e cantidade de fontes bibliográficas que aínda non se teñen revisado polo miúdo.



Vista de Vigo dende o Berbés (postal do Arquivo de Patrimonio Histórico. Concello de Vigo)




Plano coas ruínas do baluarte de San Julián (1897, realizado por Jenaro de la Fuente. Arquivo Municipal de Vigo. URB 21)



3.2 BALEIRADO DE INFORMES ARQUEOLÓXICOS

Revisáronse os informes das intervencións arqueolóxicas feitas na contorna da traza. Resultado diso é a situación de 5 puntos onde se documentaron restos da muralla ou dos seus alicerces, mais outros 2 que tamén puidesen corresponder con estruturas da mesma. Estes achados sobre o terreo foron trasladados á cartografía oficial do Concello de Vigo de cara a orientarnos tamén coa cartografía histórica (ver mapa no anexo).

Así mesmo, trasladamos o trazado á ortofoto situando puntos coñecidos e trazados históricos. Nel xa se ofrece unha avaliación do grado de fidelidade da traza sinalando con diferentes cores os tramos certos, os fiables e os posibles. Aínda que pode ser corrixido con posteriores intervencións, pode resultar útil para calquera outro traballo urbanístico ou patrimonial que se aborde na contorna da cerca.




Vestixios da muralla en diferentes intervencións arqueolóxicas




3.3 REVISIÓN CARTOGRÁFICA

A documentación cartográfica resulta ser relativamente abundante. Logo de facernos cos máis antigos e boa parte dos planos máis recentes, realizamos un primeiro análise cara a poder definir o percorrido da cerca. Este traballo fíxose combinando a información derivada das intervencións arqueolóxicas, que aportan puntos reais, e nos permiten calibrar en certa medida a idoneidade das cartografías.



Combinando a información proporcionada polas fontes anteriores coa revisión da traza sobre o terreo avánzase unha primeira proposta de trazado do muro, na que ademais se delinea o paseo de ronda nalgúñas partes do percorrido.



Proposta provisional de trazado da muralla de Vigo (elaboración propia)

Matilde González - Concellería de Fomento (Concello de Vigo)

20



En todo caso trátase unha aproximación inicial que poderá completarse e axustarse, de ser o caso, con posteriores análises documentais e revisións de campo.

3.4 EXPLORACIÓN DA TRAZA

A revisión sobre o terreo do discurso do trazado da cerca vai máis alá do mero percorrido con mirada arqueolóxica, pois ten unha funcionalidade múltiple:

- (1) Facer unha avaliación patrimonial dos restos da cerca conservados
- (2) Identificar os puntos onde se documentaron restos no subsolo
- (3) Explorar a posibilidade de atopar restos fosilizados da mesma no parcelario actual
- (4) Avaliar a contorna urbana e paisaxística pola que discorre
- (5) Identificar zonas idóneas para a implantación de elementos de comunicación sobre a mesma

Así, fíxose unha inspección xeral de toda a traza a fin de contar cunha valoración inicial dos diferentes aspectos enumerados, pero que terá que completarse con posteriores visitas máis detalladas dirixidas a zonas ou ámbitos de análise máis concretas.



Forte de San Sebastián





Cartel no exterior do Forte de San Sebastián



Vista do Forte de San Sebastián

Matilde González - Concellería de Fomento (Concello de Vigo)

22



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 01/12/2016 11:13

Páxina 68 de 406

Aprobado en Xunta de Goberno do 23/09/2016

Código de verificación: 25E34-3A3DC-2D43B-2E33B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Tramo de muralla adosada ao Forte de San Sebastián



Posible paseo de Ronda entre a Praza do Peñasco e o Berbés

Matilde González - Concellería de Fomento (Concello de Vigo)

23



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 01/12/2016 11:13

Páxina 69 de 406

Aprobado en Xunta de Goberno do 23/09/2016

Código de verificación: 25E34-3A3DC-2D43B-2E33B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Muralla musealizada en A Laxe

Matilde González - Concellería de Fomento (Concello de Vigo)

24



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 01/12/2016 11:13

Páxina 70 de 406

Aprobado en Xunta de Goberno do 23/09/2016

Código de verificación: 25E34-3A3DC-2D43B-2E33B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

3.5 DESEÑO E FORMULACIÓN INICIAL DA ACTUACIÓN DE REVALORIZACIÓN

O deseño dunha actuación de revalorización patrimonial ten que derivar dun traballo de documentación, que permita coñecer o ben, o seu sentido histórico, o seu estado conservación, as súas necesidades de uso e xestión, etc. De todo iso derívase unha narrativa capaz de facer percibir mellor o ben, tanto desde o punto de vista material (os seus elementos constitutivos) como desde o punto de vista inmaterial (a súa función ou sentido).

Ora ben, os elementos materiais nos que se concreta a narrativa, son resultado de continuas aproximacións entre os elementos patrimoniais, a narrativa, os recursos dispoñibles,... aproximacións que conforman unha sorte de continua negociación ata chegar a unha materialización que é reflexo en parte das posibilidades de todos.

É por iso que se fixo un primeiro esbozo da actuación, definindo as súas liñas básicas. Queda aínda traballo de concreción e aproximación, pero avanzamos o que poderían ser as súas liñas mestras.



4. PERCORRIDO POLA TRAZA DA MURALLA



Matilde González - Concellería de Fomento (Concello de Vigo)

26



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 01/12/2016 11:13

Páxina 72 de 406

Aprobado en Xunta de Goberno do 23/09/2016

Código de verificación: 25E34-3A3DC-2D43B-2E33B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Como resultado dos traballos anteriores podemos facer un percorrido descritivo pola traza da cerca deténdonos nos puntos que consideramos salientables:

Castelo de S. Sebastián

Antigo forte en forma de estrela composto por unha liña de muralla que conformaba, polo seu lado S, un baluarte e dous medios baluartes. Logo de destrucións e reparacións, a finais do século XIX, convértese en hospital militar. Para iso, o lenzo do muro nordeste modificouse para conseguir unha maior superficie interior. Foi dependencia militar ata 1964, ano en que pasa ao concello.



Forte de San Sebastián antes da construción da casa do Concello (Foto tomada do libro Vigo por Magar)

En 1970 decídese construír a nova sé municipal nos seus terreos e para iso derrúbanse o baluarte e os dous medios baluartes (<http://arquitecturavigo.blogspot>). Hoxe queda en pé o lado N da fortaleza (da que forma parte o lenzo nordeste modificado cando a construción do hospital).



Na actualidade os muros do forte atópanse cubertos de vexetación, o mesmo que a súa contorna exterior inmediata, polo que resulta imposible apreciarlo en toda a súa monumentalidade. Sería preciso xa que logo realizar unha limpeza de herbas nos muros e a súa contorna.



Estado actual do Forte de San Sebastián

O extremo nordeste resulta de gran interese porque del partía a muralla na súa baixada cara ao Pracer e a cartografía histórica amosa dúas formas

Matilde González - Concellería de Fomento (Concello de Vigo)

28



distintas de facer o entronque. Neste momento non coñecemos cal sería a correcta, ou mesmo si en momentos distintos usáronse un ou outro modo de unión, posto que sabemos que foi sometido a reparacións e modificacións desde o mesmo século en que se levantou.

No remate entre esta área axardinada do nordeste co Paseo dos Contos que a circunda, remate definido por un pequeno muro de pedra, atópase unha lousa cunha inscrición de difícil lectura. Aínda que probablemente sexa contemporánea ou posterior á construción da cerca, sería oportuno realizar un calco e lectura da mesma.

En todo caso resultaría de interese abordar un estudo dos paramentos cara a intentar dilucidar diferentes fases construtivas e reparacións do muro actual; tamén ver se se pode aillar cal sería o aparello orixinal.

O extremo noroeste tamén alberga gran interese dado que del parte o único tramo de muro conservado da cerca. Como o conxunto do área, tamén se atopa con abundante vexetación que lle resta visibilidade. A limpeza da mesma permitiría percibir mellor a muralla e o remate dos muros do forte.

Por outra banda, é de considerar o feito de que o edificio municipal atópase incrustado sobre as estruturas do forte e neste momento se albiscan, baixo os alicerces do seu extremo noroeste, unha serie de pedras e rochedo cubertos en parte pola maleza, que poderían ser vestixios das estruturas do forte.

A área exterior da muralla está cuberta de céspede. Máis alá do pequeno noiro que a bordea, esténdese unha zona chaira onde se dispuxo un mobiliario de bloques de formigón dispostos como ao chou, pero conformando un área de repouso. Por aquí discorre o camiño que leva á porta do forte. Ao seu pé, existe un cartel explicativo sobre o forte.

Tramo de Muralla cara a rúa Santiago

Partindo de S. Sebastián cara á rúa Santiago, a muralla, poboada de vexetación, discorre por unha calella cuxa contorna transpórtanos a un



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 01/12/2016 11:13

Páxina 75 de 406

Aprobado en Xunta de Goberno do 23/09/2016

Código de verificación: 25E34-3A3DC-2D43B-2E33B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

ambiente case rural en pleno casco urbano, ao mesmo pé da casa municipal. Entre a cerca e a rúa Subida ao Castelo, esténdese unha zona oculta polo arborado que debe resultar propicia para o botellón, a xulgar polos restos de latas e botellas (incluso unha “mesa” disposta con táboas e plástico de invernadoiro).



Tramo de muralla cara a rúa Santiago

A súa existencia a tan poucos metros do concello non vén máis que a verificar que os vestixios conservados do forte de San Sebastián e a súa contorna son unha área marxinal, apartada da circulación cotiá. Si poñémonos como obxectivo revalorizar a muralla, resultaría primordial mudar esta situación, promovendo a zona como punto de interese para a visita e paseo de veciños e visitantes.

Baluarto da Falperra

Cruzada a rúa Santiago, atopamos o seguinte punto de interese que son os restos soterrados do baluarte da Falperra e do lenzo da muralla (Luaces Anca



2010). Aínda que non son visibles, a zona dispón de abundante espazo para situar elementos que fagan referencia á muralla e ao baluarte aquí localizado.



Vista da muralla e San Sebastián dende a rúa Elduayen

A traza segue, cruzando a zona de confluencia entre a rúa Elduayen e o Paseo de Alfonso XII, pola Baixada ao Forte, denominación que nos evoca a pasada existencia da cerca, quizás en referencia ao baluarte de S. Xulian cara ao que levaría esta rúa de acusada pendente.

Matilde González - Concellería de Fomento (Concello de Vigo)

31



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 01/12/2016 11:13

Páxina 77 de 406

Aprobado en Xunta de Goberno do 23/09/2016

Código de verificación: 25E34-3A3DC-2D43B-2E33B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Rúa Teófilo Llorente

A partir da Praza do Peñasco, aínda que podemos trazar o percorrido do muro seguindo a cartografía antiga, perdemos as súas evidencias ata o comezo da rúa Teófilo Llorente onde se localizou un tramo de 3,4 m de longo e unha anchura de uns 2,4 m (Castro Carrera 1996). Aquí, como no caso da Falperra, a zona ofrece abundante espazo para colocar algún elemento de comunicación sobre a muralla. Avanzada a rúa volvemos a contar con evidencias da cerca, pois foron atopados vestixios dos seus alicerces noutra intervención arqueolóxica máis recente (López Cordeiro 2009).



Rúa Teófilo Llorente onde se teñen localizado restos da muralla

Aquí a contorna da traza muda totalmente e pasamos dun ambiente máis rústico e tradicional a un máis urbano.

Matilde González - Concellería de Fomento (Concello de Vigo)

32



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 01/12/2016 11:13

Páxina 78 de 406

Aprobado en Xunta de Goberno do 23/09/2016

Código de verificación: 25E34-3A3DC-2D43B-2E33B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

A Laxe

A seguinte evidencia da muralla atópase na próxima zona de A Laxe. Os restos localizados na escavación realizada por A. Acuña en 1994 deixáronse visibles mediante a disposición dunha fiestra arqueolóxica. Na actualidade, os vestixios están totalmente tapados pola vexetación que ten crecido ata o cristal que os cobre.



Restos musealizados en A Laxe

Doutra banda hai que anotar que o cristal, ademais de invernadoiro para a vexetación que agroma entre os restos, fai de espello reflectindo os elementos da contorna. Agora mesmo, os vestixios da Laxe son totalmente invisibles e o cartel que os presenta é unha invitación á nada, que é o que se pode ver ao

Matilde González - Concellería de Fomento (Concello de Vigo)

33



asomar a cabeza sobre eles.

O cartel é do mesmo estilo que o existente en San Sebastián. Comparten material de feitura, tipoloxía e deseño pero non un elemento identificativo específico, é dicir unha imaxe gráfica que permita identificalos coa muralla aínda antes de achegarse a eles. Utilizan cartografías distintas para sinalalos, quizais buscando a que mellor retrata cada un dos restos que en cada un dos puntos ilústrase, ou intentando mostrar a variedade da cartografía histórica dispoñible, pero a súa vista non nos remite á muralla ou non permite facer o enlace mental con San Sebastián. Por iso sería da máxima utilidade dispoñer dunha imaxe gráfica que permita identificar todo o material comunicativo como referente á muralla.

Por todo iso sería preciso: levantar o cristal, actualmente selado, facer unha limpeza dos restos e dispoñer dunha cuberta que permita unha boa ventilación do sitio, que ademais de antivandálica fose antirreflectante, e que posibilitase a súa apertura periódica para a limpeza e mantemento dos restos, algo necesario e innegociable cando trátase de dispoñer de fiestras arqueolóxicas, si non queremos que como neste caso convértanse en mal exemplo de atención ao patrimonio. Cumpriría así mesmo substituír ou adecuar o cartel para que estivese en relación co dispositivo comunicativo da muralla.

Rúa Carral

Nesta rúa atopamos varias evidencias ou indicios do transcurso da cerca.

A primeira é a disposición da zona de tendas de recordos ao lado dereito da rúa. O eixe lonxitudinal destas edificacións gaña dimensións segundo se ascende pola rúa. Quizais a parede do fondo de todos eles se vencelle á disposición da antiga muralla. Esta observación é unha posibilidade a contrastar con ulteriores análise dos paramentos dos fondos, cando se aborden reformas nos seus interiores, ou atopando outra explicación ao trazado urbanístico da zona.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 01/12/2016 11:13

Páxina 80 de 406

Aprobado en Xunta de Goberno do 23/09/2016

Código de verificación: 25E34-3A3DC-2D43B-2E33B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

*Rúas Carral e A Laxe*


Tamén a sondaxe arqueolóxica realizada na confluencia desta rúa coa Gamboa aportou restos que se poderían vincular á muralla (Vieito Cobela 2009). En concreto un muro de perpiaño irregular dunhas dimensións de 4,64m de longo, 1 m de ancho e 1,20 de alto. Non entanto, a entidade do muro, menor que noutros puntos localizados, e a súa estraña disposición respecto de o que indica a cartografía histórica aconsella deixar este indicio polo de agora en interrogante.

Máis coincidente cos datos dispoñibles, sobre a súa entidade e localización, é o tramo aparecido na confluencia entre as rúas Carral e Ballesta, que se ten interpretado como a esquina de unión entre o lenzo da muralla e o flanco sur do baluarte da Gamboa.

Nesta zona, a rúa conta con abondosos elementos urbanos, pero teríamos que buscar un espazo onde inserir algún elemento comunicativo para mostrar a



existencia do baluarte e os seus avatares históricos



Rúas Carral e Marqués de Valadares

A partir de aquí e ata chegar a Segunda República, onde estanse a efectuar sondaxes nas que se atoparon estruturas que parecen corresponderse coas da muralla, non contamos con máis evidencias. En todo caso, teremos que esperar que remate o traballo arqueolóxico para integrar os seus resultados.



Matilde González - Concellería de Fomento (Concello de Vigo)

36



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 01/12/2016 11:13

Páxina 82 de 406

Aprobado en Xunta de Goberno do 23/09/2016

Código de verificación: 25E34-3A3DC-2D43B-2E33B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Observación da contorna

Logo desta breve descritiva do percorrido da cerca, cumpre apuntar un comentario xeral sobre os restos e os ambientes que cruza.

O trazado do muro configura unha forma pseudo-romboidal cuxo eixe lonxitudinal presenta unha disposición case N/S. Os seus extremos virían marcados polo forte de San Sebastián ao S, e a Laxe ao N. Si trazamos unha liña entre ambos puntos que divida a cerca en dúas partes podemos distinguir dúas áreas con ambientes distintos.

O tramo que discorre polo lado occidental (S. Sebastián, A Falperra, Praza do Peñasco, ata Teófilo Llorente) a contorna da traza mostra un ambiente máis tradicional, nalgúns áreas ata rural. Aínda que en certos puntos amosa certa “decadencia”, mantén o sabor da sociabilidade tradicional onde a veciñanza pode parar unha miga a parolar co viandante.

A outra metade, a que discorre a partir de Teófilo Llorente, A Laxe, Porta do Sol, ata Baixada a Príncipe, mostra unha ambiente máis urbanizado, con espazos onde o tráfico e movemento peonil é máis intenso, e o amoblamento urbano máis compacto.

A primeira metade, a máis tradicional é a que amosa os tramos visibles da cerca; a segunda, os soterrados. Aínda que polo de agora non podemos avanzar as consecuencias últimas desta dualidade para o deseño da estratexia comunicativa, cremos necesario anotalas porque pode ser de interese consideralas na súa formulación.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 01/12/2016 11:13

Páxina 83 de 406

Aprobado en Xunta de Goberno do 23/09/2016

Código de verificación: 25E34-3A3DC-2D43B-2E33B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

5. PROPOSTA DE ACTUACIÓN



Matilde González - Concellería de Fomento (Concello de Vigo)

38



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 01/12/2016 11:13

Páxina 84 de 406

Aprobado en Xunta de Goberno do 23/09/2016

Código de verificación: 25E34-3A3DC-2D43B-2E33B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Entendemos a revalorización do patrimonio como aquela labor de ampliación de sentido dos elementos do pasado que, por proceder dun momento distinto ó noso, resultan alleos, descoñecidos, difíciles de comprender.

Por iso unha auténtica revalorización vai máis alá de recuperar e tratar ós restos materiais. A revalorización ten que atender a parte material dos elementos históricos, procurando a súa estabilización e consolidación para o uso público actual e futuro. Pero ademais a revalorización ten que atender aos aspectos inmateriais do ben, á súa razón de ser, o seu sentido histórico, as vicisitudes humanas de que foi testemuña... isto é o que permite que os bens sexan primeiro comprendidos e logo apreciados polo público que se achega a eles.

Ata agora temos exposto os aspectos documentais e materiais da muralla. Queda tratar os inmateriais que son os que nos permitirán construír unha narrativa ou fío argumental que a dote de sentido.

5.1 LISTAXE PRELIMINAR DE ARGUMENTOS NARRATIVOS

Aínda que fundamentais para construír todo o aparello comunicativo, polo de agora non contamos con máis que breves esbozos de posibles argumentos, que non de narrativa. Estes esbozos terán que ser definidos e ampliados temáticamente. Pero isto non se poderá facer ata que non se teña examinado a documentación de forma máis ampla e profunda.

Os aspectos que polo de agora podemos avanzar son os máis concorridos e repetidos na bibliografía habitualmente manexada. Queda aínda examinar documentación e facer un profundo desbroce da mesma. Con todo, resulta preciso apuntalos porque, xunto con outros aínda por vir, integrarán o conxunto a partir do cal facer a escolma argumental que nos permita elaborar unha narrativa que dea sentido aos restos da muralla.

Máis alá das características cronolóxicas ou construtivas, que se poden ir ilustrando de forma gráfica ao longo dos diferentes paneis, unha listaxe inicial



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 01/12/2016 11:13

Páxina 85 de 406

Aprobado en Xunta de Goberno do 23/09/2016

Código de verificación: 25E34-3A3DC-2D43B-2E33B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

de aspectos que se poderían tratar e a seguinte:

As murallas de época moderna teñen unha función exclusivamente defensiva. Mentres que as murallas medievais delimitaban a cidade, protexían aos veciños, organizaban o seu urbanismo, incluso a representaban e simbolizaban, as murallas modernas teñen unha función unicamente defensiva. Son murallas contra a pólvora, deseñadas para evitar os danos deste novo produto bélico. Por iso, para rexeitar os ataques da artillería os muros faranse máis grosos e baixos, escarpados e rodeados de foxos que oculten a cerca á vista do inimigo. Teñen así unha concepción totalmente distinta á das cercas medievais que se elevan para facerse visibles a grandes distancias, para ser o primeiro que o visitante perciba ao achegarse a cidade.

En Vigo a necesidade de defensa tíñase manifestado xa dende moito antes de que se erixise a muralla. A perda do dominio marítimo español a partires da derrota da gran armada (1589) alentará os ataques as costas españolas dos que Vigo non se librará. Xa en 1572 o arcebispo de Santiago da conta á coroa española do mal defendida que se atopa Galicia, sobre todo a costa. Poucos anos despois, Vigo repeleu un primeiro ataque do corsario Drake, pero non o segundo, en 1589, que arrasará a cidade. En 1617 sofre o ataque de navíos arxelinos. Rexeitados na Laxe, viran cara ao Areal e desembarcan no outro lado da ría. O conflito portugués, a partir de 1640, fará que a cidade teña que poñerse en garda contra un posible ataque sen moita defensa. En Xulio de 1562 os ingleses canonean a vila. En 1665 e 1666, momento no que xa se está a construír a muralla, os portugueses atacan a vila... (González Muñoz 1980)

As murallas levántase nun momento no que a cidade pasa por grandes dificultades. O século XVII comeza cun rebrote da pasada peste de 1599 que azotara a cidade. Os numerosos conflitos bélicos nos que se envolve a coroa provocarán a realización de numerosas levas de veciños como soldados e mariñeiros coa consecuente perda de poboación e actividade na vila.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 01/12/2016 11:13

Páxina 86 de 406

Aprobado en Xunta de Goberno do 23/09/2016

Código de verificación: 25E34-3A3DC-2D43B-2E33B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Asimesmo, a cidade terá que facer fronte ó aloxamento de tropas dictado pola coroa en diferentes ocasións. Os conflitos bélicos tamén xerarán un incremento da fiscalidade que provocará que moitos se “desaveciñen”, é dicir, que se vaian da cidade para evitar a fiscalidade. En 1641, por exemplo, documéntase a perda de poboación respecto a momentos anteriores, e 5 anos despois non quedan cortadores de carne por terse marchado a outras vilas (González Muñoz 1980).

En 1652, catro anos antes de levantar as murallas, agrávase a situación pola guerra con Portugal e moita xente (que aínda se acordaba dos estragos de Drake) abandoa a cidade. En Xulio dese ano os ingleses canonean a vila.

A construción da muralla supuxo o derrubamento de casas e o destrago de rúas. A construción do castelo de S. Sebastián, en cuxo levantamento de muros traballaron moitos veciños, supuxo a perda de casas, hortas e viñas. Así no lo conta o padre Gándara na súa obra de 1662:

"En la villa de Vigo se hizo una muralla que ciñe toda la villa, con sus torreones, i plataformas, y fortificaciones dentro de la mar, para lo cual se deshicieron muchas casas, i edificios, en que se gastaron 200 mil ducados." As reparacións de beirarrúas serán constantes (1671,1675,1690...) dado que *"al hacer los baluartes los carros han deteriorado las calles"* (tomado de González Muñoz 1980)

A muralla terá moitas carencias para a defensa polas dificultades da topografía, as presas na súa construción e os escasos recursos dispoñibles para levantala. Por iso os vigueses, en 1669, xa rematada a guerra portuguesa resístense a ser praza forte expoñendo que durante a guerra con Portugal, cando se vía ameazada polo exército inimigo, os capitáns xerais mandaban abandonala e retirar a poboación ao forte do Castro. *"Y así, supuesto que no es plaza para ser defendida..., no lo debe ser para pagar alojamiento... parece que algunos militares solicitana S.M. se fortifique esta villa solo para tener ocasión de hacer su propio negocio, cuando se ha reconocido que la planta*



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 01/12/2016 11:13

Páxina 87 de 406

Aprobado en Xunta de Goberno do 23/09/2016

Código de verificación: 25E34-3A3DC-2D43B-2E33B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

della es incapaz de fortificación, y que solo debe guarnecerse la marina y el fuerte del Castro" (tomado de González Muñoz 1980: 236)

A cerca non defenderá todos os barrios da cidade. Albergará o núcleo central do poboamento, incluíndo sobre todo os edificios públicos, civís e relixiosos. Quedan fora dela catro grandes barrios habitados: O Areal, O Berbés, A Faleprra e o Salgueiral.

As súas portas pechábanse as 10 ou 11 da noite. Por iso en 1669 un veciño denuncia ó sarxento maior que as mandaba cerrar ao anoitecer. Días despois o gobernador dalle a razón ordeando que non se pechen ata as 11.



Escena recreada da Reconquista (tomada do videoxogo As Covas do Folón. Promotor: Concello de Vigo)

As murallas terán un destacado papel na reconquista da cidade. Cando o 31 de xaneiro de 1809 a avandadilla francesa chega para facerse coa cidade, un dos veciños apostados na porta da Gamboa quixo darlle mecha a peza de artillería situada sobre a porta. Conseguen calmallo e a delegación francesa



entra por esta porta. A muralla servirá ao sitio dos veciños, declarado a mediados de marzo de 1809, pero dentro e fora dela conspiran contra os ocupantes e argallan para sacar a pólvora da mesma con que nutrir a reconquista. Algúns, como o predicador de S. Francisco, disfrázanse para elo. Coa escusa da necesidade de providións saíran para organizar a insurrección con outras vilas ata a reconquista.

Como xa apuntamos máis arriba este é solo un listaxe inicial de posibles argumentos que terá que ser completado, facer unha escolla e volcado a un sinxelo guión narrativo, comprensible e atraente, un guión narrativo no que se inclúan referencias aos conceptos universais que poden evocar as murallas: defensa, protección, comunidade, morte, opresión... conceptos dos que derivan valores intanxibles que favorecen o aprecio polo elemento narrado.

5.2. ACTUACIÓN SOBRE O TERREO

Para a comunicación da narrativa, unha vez definida esta, propoñemos:

1. O deseño dun manual básico de logomarca a fin de identificar todo o material de comunicación e difusión da muralla.
2. A disposición de dúas áreas expositivas en dous diferentes puntos da contorna da traza
3. Unha serie de paneis ao longo de diversos puntos significativos do seu trazado.
4. A sinalización do discurso da traza a través de placas metálicas.

Seguidamente comentamos cada unha de xeito máis detido:

5.2.1 A Logomarca

Máis alá da estratexia publicitaria, a logomarca resulta útil ao noso caso para vencellar elementos que se atoparán dispersos pola cidade, proporcionando un identificador común a todos eles que os identifique como relacionados coa muralla, xa se trate de cartelería ou placas.

Ademáis, aínda que agora mesmo se elaboran dous produtos básicos, o "logo"



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 01/12/2016 11:13

Páxina 89 de 406

Aprobado en Xunta de Goberno do 23/09/2016

Código de verificación: 25E34-3A3DC-2D43B-2E33B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

será pensado para que funcione noutros posibles productos, dende folletos impresos a elementos de recordo, pasando por Appes ou guías.

5.2.2 As áreas Expositivas

O seu planeamento deriva da propia configuración do elemento a revalorizar. Coa excepción do forte de S. Sebastián, a disposición dos vestixios é liñal e puntual, o que xera unha exposición dispersa, que se amosa e explica aos poucos, en puntos separados. Isto non facilita a ilustración do restos, que sólo resulta completa cando se teñen percorrido todos. Así, para obter unha idea comprensiva da muralla sería preciso facer boa parte do recorrido, pois normalmente os puntos sinalizados adoitan referirse ás circunstancias concretas dese punto. E sen embargo, sería interesante contar cun discurso comprensivo da muralla, que a presentara antes de andala. Este requerimento podería solventarse dispoñendo dunha guía ou similar, algo inasumible polo de agora.



Foto montaxe do azulexo montado en prisma de formigón



Por todo isto propuxémonos buscar lugares onde concentrar a información, que fixesen de áreas expositivas sobre o elemento, sitios onde pararse un cacho a coñecer e a pensar a muralla. Logo de examinar o discursos da traza e a súa contorna escolléronse dous:

A área expositiva no exterior do Forte de San Sebastián

Ofrece a cercanía dos restos conservados e, como xa dixemos, conta cun espazo amoblado con bloques de granito para o descanso. Dispoñer aquí dunha pequena zona de exposición sería un atractivo máis para o sitio e podería contribuir a potenciarse como zona de visita, sobre todo se ven acompañada da pequena intervención de limpeza e adecuación que necesitan muralla e contorna.

Esta área estaría composta por:

→ **2 paneis de azulexo pintado á man** dunhas dimensións aproximadas de 120 x 80 cm. que se concretarían para adaptarse as características da gráfica que alberguen. Encastrados en bloques de formigón ou granito con forma de prisma irregular, cunha das caras regular para encastrar o azulexo. Na selección do material débese ter en conta que de ser granito, para a súa colocación teríase que dispoñer dunha grúa de grandes dimensións e longo brazo.

O seu contido sería fundamentalmente gráfico. A súa temática trataría de reproducir documentos antigos vencellados a muralla, xa sexa planos ou grabados de vistas da cidade onde apareza representada.

→ **2 paneis interpretativos** dunhas dimensións en torno a 100 x 60 cm. O seu contido disporía tamén de elementos gráficos (debuxos, fotografías, etc.) pero sería tamén textual e narrativo.

Aínda que a conformación da área está por facer, o máis axeitado parece vencellala á zona de descanso, non lonxe da porta do forte, presentándoo e invitando a acceder a él.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 01/12/2016 11:13

Páxina 91 de 406

Aprobado en Xunta de Goberno do 23/09/2016

Código de verificación: 25E34-3A3DC-2D43B-2E33B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Como elementos compositivos fixos deberían incorporar:

- A logomarca
- Un plano que sinale os diferentes puntos interpretativos distribuídos pola traza e identifique o actual no que nos atopamos

Área expositiva na Praza dos Conquistadores/baixada ao Mercado da Pedra

Seleccionouse esta zona, situada no extremo oposto do eixo lonxitudinal que conforma a cerca, por situarse nun punto intermedio do percorrido. Tamén por tratarse dun espazo amplo, con moito tráfico de persoas, veciños e visitantes da cidade. Por iso, de situar un área comunicativa aquí, disporía de forma natural de un amplo espectro de público.

A traza non descurre por ela, pero si nas inmediacións. De feito, dende a pasarela de saída do centro comercial domínase visualmente un tramo do trazado.



Foto montaxe do azulexo montado sobre o cubo de Baixada A Pedra

Urbanísticamente parécenos un lugar moi uniforme de color, dominado polo

Matilde González - Concellería de Fomento (Concello de Vigo)

46



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 01/12/2016 11:13

Páxina 92 de 406

Aprobado en Xunta de Goberno do 23/09/2016

Código de verificación: 25E34-3A3DC-2D43B-2E33B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

granito ao que a cartelería lle aportaría cromatismo.

Coma no caso anterior, a área expositiva aínda tería que ser composta. Aquí se ofrecen diversas posibilidades segundo se poda contar cos espazos, pois podería conformarse entorno ao cubo de granito ou formigón, polo que se fai a baixada A Pedra, ou na praza dos Conquistadores.



Foto montaxe do azulexo montado na parede da Praza dos Conquistadores

Coma no caso anterior estaría composta por:

- ➔ **2 paneis de azulexo pintado á man** dunhas dimensións aproximadas de 120 x 80 cm. que se concretarán para adaptarse as características da imaxe. Poderían ir encastrados en bloques de granito, ou formigón, con forma de prisma irregular, cunha das caras regular para dispoñer o azulexo, ou en marcos que poderían adosarse ao cubo de A Pedra dispoñerse exentos pola zona.

O seu contido sería fundamentalmente gráfico. A súa temática trataría de



reproducir documentos antigos vencellados a muralla, xa sexa planos ou grabados de vistas da cidade onde apareza representada.

→ **2 paneis interpretativos** dunhas dimensións en torno a 100x 60 cm.

O seu contido disporía tamén de elementos gráficos (debuxos, fotografías, etc.) pero tamén tería unha boa parte textual e narrativa.

A área podería conformarse na praza de A Pedra o ben na dos Conquistadores. Como elementos compositivos fixos deberían incorporar:

- A logomarca
- Un plano que sinale os diferentes puntos interpretativos distribuídos pola traza e identifique o actual no que nos atopamos



Paneis interpretativos no Castro de Vigo exemplificando os que poderían instalarse na contorna da muralla



5.2.3 Os paneis interpretativos en puntos estratéxicos da traza

De similares dimensións e tipoloxía a os das áreas expositivas, situaríanse en diversos puntos da traza perseguindo unha dobre intención: Dunha banda identificar ou sinalizar o seu transcurso; de outra ilustrar circunstancias significativas relacionadas coa cerca. Ademais da parte gráfica e textual específica para cada un deles, como elementos compositivos fixos todos deberán incorporar:

- A logomarca
- Un plano que sinale os diferentes puntos interpretativos distribuídos pola traza e identifique o actual no que nos atopamos

A súa distribución, a falta da concreción narrativa e de atopar o punto concreto idóneo, podería ser a seguinte:

Panel 1. Na área pola que discurre o baluarte da Falperra. A súa disposición ven xustificada polos achádegos aquí localizados que terán que ser ilustrados.

Panel 2. Na contorna da Praza do Peñasco. Este punto interpretativo aínda non dispón de situación nin narrativa concretas, pero queda xustificada pola necesidade de notar o discurso da traza pola zona, pois entre o punto anterior e posterior de aparición de restos temos unha grande distancia.

Panel 3. No comezo na rúa Teófilo Llorente. Aquí daríase conta do paso da muralla por esta rúa ilustrando ao tempo outras circunstancias.

Panel 4. Na zona de A Laxe. Aquí xa existe un panel informativo, pero sería importante contar con outro de deseño común aos que se propón dispoñer no conxunto da traza.

Panel 5. Na rúa Carral para facer notar a pasada presenza do baluarte de A Lama. Neste punto, con abondoso tráfico de coches e persoas, e ocupado con diverso mobiliario urbano, non parece fácil topar lugar axeitado para súa disposición, pero a localización do baluarte empuxa a intentalo.

Panel 6. Nalgún punto da zona de Baixada a Príncipe. Máis aló de que os



actuales traballos arqueolóxicos en curso nos dean certeza do seu transcurso, coma na Praza do Peñasco, a distancia entre os seguintes puntos coñecidos aconsella situar alí algún elemento que sinale o trazado pola zona.

Panel 7. No interior do Forte de San Sebastián. Trátase de buscar un punto do entorno do concello no que se poda chamar a atención sobre a súa presenza, contar algo da súa historia e invitar ao viandante a recorrela.

5.2.4 Placas para a marcaxe da muralla

Dado que boa parte da muralla se atopa desaparecida pero contamos con información suficiente para conocer o seu trazado xeral, resultaría de interese marcar o seu transcurso dalgún xeito. Así o fixeron xa en numerosos puntos da nosa xeografía outras cidades. No obstante esta idea pode materializarse con distintas aproximacións. Así cabe a posibilidade de:

1. Facer unha marcaxe xeral de todo o trazado con independencia do grado, máis ou menos detallado, de coñecemento do seu percorrido. Ten a vantaxe de proporcionar unha guía ao camiñante que se decida a descubrir o seu perímetro, pero perde a certeza de saber se pasa ou non polos seus restos.
2. Facer a marcaxe sólo dos puntos certos por onde sabemos que pasaba. Ten a vantaxe de ofrecer ao camiñante a seguridade de que se atopa sobre os vestixios da cerca, pero por contra resultalle máis dificultoso facer o recorrido do seu trazado xeral.

Un seguinte problema a solventar é o da sinalización de aqueles vestixios que se atopan baixo rúas con tráfico rodado e onde a placa sinalizadora pode ser dificilmente perceptible ou accesible polo paso dos coches.

Para tratar de conciliar todas estas circunstancias cabería a posibilidade de facer unha placa con dúas variantes, semellantes dende un punto de vista xeral, pero distinguibles ao observador avisado e atento. Unha delas sinalaría o recorrido xenérico da traza e a outra o punto certo de situación de restos.

A primeira chapa, a de aproximación, contaría no seu deseño cunha frecha que



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 01/12/2016 11:13

Páxina 96 de 406

Aprobado en Xunta de Goberno do 23/09/2016

Código de verificación: 25E34-3A3DC-2D43B-2E33B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

indicaría a dirección da seguinte placa ou lugar de apareición de restos. Esta podería ser a variación mínima entre un tipo de placa e outro.

Dado que propuxemos a realización de dúas áreas expositivas, poderíase explicitar aquí o sentido de cada unha delas.

De todos modos, temos que recordar que, no plano de trazado proposto, sinalamos 3 niveis de información ou certeza na información (trazado documentado, trazado posible e trazado probable) e utilizando dous tipos de chapas perderíamos un matiz, o que diferencia os tramos probables e os posibles, pero pensamos que paga a pena xuntar estes niveis en aras dunha comunicación máis sinxela.

Máis difícil resulta aínda sinalar distancias entre chapas. Pódese marcar unha fixa en zonas nas que as placas teñan unha boa visibilidade. Noutras, aínda tentando manter a separación fixa entre placas resultaría mellor buscar o axeitado punto de vista. Para concretar todos estes extremos teranse que facer ensaios e probas sobre o terreo, resultando difícil nesta fase inicial do traballo ofrecer máis concrección.

En canto ao metal elexido para as mesmas, tamén tería que decidirse nunha ulterior fase de deseño. Dado que estamos a falar dun número importante de chapas o material, bronce ou aceiro, consume similares recursos e a súa elección dependerá máis de aspectos visuais ou estéticos que de adecuación a súa función, pois ambos parecen responder de forma similar aos nosos requerimentos.

5.3 ACTUACIÓN COMPLEMENTARIA

Neste apartado apuntamos unha serie de posibilidades de acción que van algo máis aló das directrices iniciais da actuación detalladas no apartado anterior. En efecto, unha vez postos á tarefa, manexada a documentación, identificada a traza sobre o terreo, explorados os ambientes polos que descorre... e postos a pensar o deseño do conxunto de lementos que comporán a revalorización



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 01/12/2016 11:13

Páxina 97 de 406

Aprobado en Xunta de Goberno do 23/09/2016

Código de verificación: 25E34-3A3DC-2D43B-2E33B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

agroman novas posibilidades de acción, como pode ser a xeración de áreas expositivas en lugar de simples elementos puntuais, ou a atención aos restos de A Laxe, visibles na intención pero hoxe invisibles na práctica. Algunhas delas poden asumirse como parte da proposta inicial pero outras amplían a envergadura do traballo. E, sen embargo, cremos que de asumirse enriquecerían grandemente a proposta precedente. Por iso se apuntan aquí á fin de que se avalie a posibilidade de materializalas. Para elo seguidamente se fai unha descriptiva das mesmas e logo unha estimación económica.



Simulación con siluetas en San Sebastián (esquerda) e siluetas instaladas no Castro de Vigo (dereita)

Complementar a área expositiva de San Sebastian con siluetas

Trataríase de dispoñer de media ducia de siluetas de persoa-xes a tamaño real alusivos á muralla. Eliximos esta zona por:

- Ser unha área ampla que non dispón de excesivo amoblamento urbano
- Estar relativamente oculta ou marxinal á deambulación, co que a disposición dalgunha das siluetas nos bordes da mesma (por exemplo a zona que mira ao Paseo dos Contos) permitiría chamar a atención sobre a mesma.



Complementar a área expositiva de Praza dos Conquistadores/A Pedra cunha maqueta

Unha maqueta que ilustre a traza da muralla sobre a cidade, ademais de contribuir ao enriquecemento e variedade desta área expositiva, serviría de presentación da vila aos milleiros de visitantes que anualmente acceden a ela por este punto. Dado que se situaría nun espazo público sería accesible ao tacto e tentaría ser un recurso ilustrativo para persoas con dificultades visuais. Este sería para eles o único recurso dispoñible para aproximarse a ela mentras non se conte con algún audio.



Maqueta e carteis na zona musealizada do Castro de Vigo

Adecuación da fiestra arqueolóxica de A Laxe

Tal e como se comentou no apartado 4, os restos agora mesmo resultan invisibles. Atópanse ocultos pola vexetación, a cuberta que os protexe non permite a apertura periódica para traballos de limpeza e mantemento, reflexa os elementos da contorna... Polas súas carencias sería preciso abordar un



traballo específico de adecuación dos vestixios, con unha cuberta con maior ventilación e que permita unha mellor visibilidade, evite reflexos e sexa resistente ao vandalismo.

Logo de revisar o funcionamento dalgunhas fiestras arqueolóxicas dispostas en diferentes cidades e logo de consultar con restauradores, vemos que presentan diversos problemas de funcionamento debendo deseñalas con solucións axeitadas a cada caso cos seus particulares requerimentos.

Infografía da cidade amurallada

Dispoñer dun levantamento tridimensional da muralla e o seu casarío interior resultaría altamente atractivo e ilustrador, pois permitiría evocar máis facilmente un elemento que actualmente apenas é perceptible máis que nunha mínima parte. Dado que se dispón de cartografía de distintas datas na que se inclúe o rueiro e casarío, poderíase facer unha vista levantada de utilidade múltiple: cartelería, maqueta, vídeo para ilustrar no museo municipal...



Recreación infográfica do Lazareto de San Simón (Pablo Castro e Marta Fontán - Deideas)





Traza da muralla levantada sobre mapa de 1773 do Instituto de Historia e Cultura Militar

Ben é certo que non sabemos ata que punto dispoñemos de información para reproducir o alzado do casarío interior, e probablemente requira dun forte traballo de documentación e unha certa dose de conxectura, pero podería pagar á pena abordar este traballo coa precisión que a cartografía e documentación permitan.

Tamén e preciso considerar que ademais da cidade dentro da cerca, para dar que fose veraz tería que incluír os barrios de fora da muralla, a lo menos nunha parte para ofrecer a idea veraz de que a cidade é máis do que encerran os muros.

Aínda que este traballo pode aborarse nunha fase posterior a esta actuación inicial anotámolo aquí porque de telo feito os seus resultados poderían integrarse no material gráfico da cartelería interpretativa.



Posibilidades a máis longo prazo

Máis aló destes elementos que contribúen a dotar de entidade expositiva e comunicativa á proposta básica, aínda se poden pensar noutros que poden complementar a comunicación sobre a muralla. En efecto, unha vez feito o traballo de análise documental e definición narrativa, esta pode ser adaptada a produtos específicos de un modo relativamente sinxelo.

Evidentemente o argumento comunicativo ten que adaptarse ao medio. Non é o mesmo ilustrar un argumento nun cartel que ten que ser breve e directo, que dispoñelo nunha guía onde pode ser explicado polo miúdo, nunha App que capacita ao usuario a ampliar a informaición en múltiples aspectos, practicamente sin límite, ou nun xogo. En todo caso dispoñendo dunha base narrativa, esta resulta común a todos os posibles produtos, e pode servir para ir complementando a comunicación do elemento.

Finalmente, non queremos rematar esta proposta sen chamar a atención sobre o interese que tería **organizar unha exposición co material gráfico dispoñible sobre a muralla**. En efecto, logo de ver a cantidade e variedade de planos existentes, aínda dende antes de que se materializase a muralla, e os abundantes gravados, pinturas e fotos dalgúns elementos do sistema defensivo da cidade (San Sebastián ou o Castro) pensamos que hai material de abondo para poder montar unha exposición que servise ademais como reclamo sobre o interese da muralla e a revalorización da mesma.

En Skopje, a 13 de xulio de 2016

Matilde González Méndez

Matilde González - Concellería de Fomento (Concello de Vigo)

56



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 01/12/2016 11:13

Páxina 102 de 406

Aprobado en Xunta de Goberno do 23/09/2016

Código de verificación: 25E34-3A3DC-2D43B-2E33B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

6. BIBLIOGRAFÍA E DOCUMENTACIÓN

Matilde González - Concellería de Fomento (Concello de Vigo)

57



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 01/12/2016 11:13

Páxina 103 de 406

Aprobado en Xunta de Goberno do 23/09/2016

Código de verificación: 25E34-3A3DC-2D43B-2E33B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

LIBROS, REVISTAS E ARTIGOS

ACUÑA, A. (1997): "Vigo: Notas de arqueoloxía urbana". Bugina . Boletín bimestral do programa Urban do Concello de Vigo. Nº 1. Novembro - Decembro; pp. 16-19.

CASTRO CARRERA, J.C. 1998: "Unha rúa sobre a muralla". Buguina. Boletín do programa Urban do Concello de Vigo. Nº 3-4- Marzo - Xuño; pp. 44-46.

DE LA GÁNDARA. F. 1662: Armas y triunfos. Hechos heróicos de los hijos de Galicia. Consultada na rede.

DÍAZ ÁLVAREZ, P. 1998: A caracola de pedra- Percorrido polo barrio histórico de Vigo. Concello de Vigo

GARRIDO RODRÍGUEZ, J. 1994: Vigo. La ciudad que se perdió. Diputación Provincial de Pontevedra.

GONZÁLEZ MUÑOZ, M.C. 1980: " Vigo en los siglos XVI y XVII". En VVAA. Vigo en su historia. Vigo CAV.

LEBOREIRO AMARO, M.A. 2000: Vigo puerto y destino- Atlas urbanístico de Vigo. Vigo: Colegio oficial de arquitectos de Galicia.

MADOZ , P. 1830: Voz "Vigo" do Diccionario Geográfico-Estadístico-Histórico de España y sus posesiones de ultramar. Tomo XVI. Consultado na rede.

SANTIAGO Y GÓMEZ, J. 1919: Historia de Vigo y su comarca. Madrid. 2ª ed. (1ª edición de 1896)

VVAA 1980: *Vigo en su Historia*. Caixa de Aforros de Vigo. Vigo

INFORMES/MEMORIAS

CARAMÉS MOREIRA, V. 1999: *Control arqueológico renovación del saneamiento del casco urbano de Vigo- Zona litoral centro. Vigo Pontevedra*. Informe depositado no concello de Vigo.

CASTRO CARRERA, J.C. 1996: *Control arqueológico de las obras de remodelación de la Rúa Teófilo Llorente (Vigo, Pontevedra)*. Informe valorativo depositado en el Servicio Municipal de Arqueología de Vigo.

LOPEZ CORDEIRO, M. 1999: *Control Arqueológico del Proyecto de Ejecución de la Remodelación de la Rúa Teófilo Llorente (Vigo, Pontevedra)*. Informe depositado no Concello de Vigo

LUACES ANCA, J. 2000. *Informe valorativo y memoria técnica del control arqueológico del acondicionamiento de la plaza de la Princesa y entorno (Vigo, Pontevedra)*. Trabajo depositado no Concello de Vigo e na Xunta de Galicia.

LUACES ANCA, J. 2007. *Informe parcial del control arqueológico en el Edificio para sede de la delegación del colegio oficial de arquitectos de Galicia en Vigo, plaza pública y urbanización calles. Rúa Doutor Cadaval (Vigo, Pontevedra)*. Depositado no Concello de Vigo e na Xunta de Galicia.

LUACES ANCA, J. 2008. *Informe histórico - arqueológico. Calles elduayen y paseo de Alfonso XII (Vigo, Pontevedra)*. Trabajo depositado no Concello de Vigo e na Xunta de



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 01/12/2016 11:13

Páxina 104 de 406

Aprobado en Xunta de Goberno do 23/09/2016

Código de verificación: 25E34-3A3DC-2D43B-2E33B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Galicia.

PEREIRO ALONSO, J.L. e IGLESIAS VEIGA, J.R.: *Estudio histórico arquitectónico da zona da parcela da futura sede, da delegación de Vigo, do Colexio de Arquitectos de Galicia e a súa relación coa muralla do século XVII e co baluarte da Pulguiña*. Informe depositado no Concello de Vigo.

VIEITO COBELA, S. 2009. *Sondaxe arqueolóxica manual na rúa da Gamboa, Vigo*. Informe depositado no concello de Vigo.

ARQUIVOS

Arquivo Municipal de Vigo

Arquivo Xeral de Simancas

Matilde González - Concellería de Fomento (Concello de Vigo)

59



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 01/12/2016 11:13

Páxina 105 de 406

Aprobado en Xunta de Goberno do 23/09/2016

Código de verificación: 25E34-3A3DC-2D43B-2E33B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

FICHA TÉCNICA

Coordinación municipal: Jerónimo Centrón e Cristina Toscano

Redacción: Matilde González Méndez.

Colaboración no deseño e orzamento: Marta Fontán e Pablo Castro (Deideas)

Matilde González - Concellería de Fomento (Concello de Vigo)

60



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 01/12/2016 11:13

Páxina 106 de 406

Aprobado en Xunta de Goberno do 23/09/2016

Código de verificación: 25E34-3A3DC-2D43B-2E33B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

ORZAMENTO

PANEIS DE AZULEXO

-4 paneis de azulexo

Paneis de azulexo pintado a mán de 120 x 80 cm. Realizados en pezas de 15 x 15 cm. (sen instalación)

4 x 900 € 3.600,00 €

-Transporte de azulexos

Transporte 0.120,00 €

-2 Soportes azulexos para o forte de San Sebastián.

Bloques con forma de prisma irregular de formigón armado con malla de 8 electrosoldada, de 140 x 140x 140cm. Con soleira de 220x220x20cm.

Incluído transporte e alicatado dunha das caras cos azulexos pintados á man.

Poderían substituírse por granito. Neste caso non incluído guindastre para a súa montaxe .

2 x 5. 250,00 € 10. 500,00 €

-2 Soportes azulexos para paneis Conquistadores / A Laxe

Bloques de formigón para a zona de A Pedra. Bloques con forma de prisma irregular de formigón armado con malla de 8 electrosoldada, de 140 x 140x.

Incluído transporte e alicatado de azulexo dunha das caras.

Poderían substituírse por marco seguindo as directrices do promotor

2x3.300 € 6.600,00 €

TOTAL PARCIAL

20. 820,00 €

CARTEIS INTERPRETATIVOS CON SOPORTE

-11 mesas interpretativas

Paneis de 110 x 80 cm realizados en chapa de aluminio sandwich de 4 mm, rotulados mediante impresión directa, anclados a mesa soporte, fabricada en aluminio pregado e soldado segundo deseño, pintado e anclado ao chan mediante zapata individual. Incluída colocación

11 x 700 € 7.700.00 €

TOTAL PARCIAL

7. 700,00 €



PLACAS METÁLICAS**-100 placas indicativas de traza**

De de 12 x 8 cm. Apróx. para dispoñer cada 20 m. aprox da traza. Realizadas en acero (grabadas a fresa) ou bronce fundido, según diseño final

100 x 10€

1.000,00 €

-60 placas indicativas de restos de muro

De de 12 x 8 cm. apróx. para dispoñer na contorna das áreas con restos no subsolo. Realizadas en aceiro (grabadas a fresa) ou bronce fundido, según diseño final

80 x 10 €

800,00 €

Instalación de placas

Instación

1400,00€

TOTAL PARCIAL**3.200,00 €****PRESUPUESTO DE EJECUCIÓN MATERIAL****31.720,00€***13% Gastos generales*

4.123,60 €

6% Benficio industrial

1.903,20 €

Total**37.746,80 €**

IVA 21%

7.926,83 €

TOTAL FINAL 45.385,84€

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 01/12/2016 11:13

Páxina 108 de 406

Aprobado en Xunta de Goberno do 23/09/2016

Código de verificación: 25E34-3A3DC-2D43B-2E33B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

ESTIMACIÓN ACTUACIÓN ADICIONAL

6 SILUETAS

6.300,00 €

Deseño conceptual de 6 siluetas que representen escenas ou personaxes dalgunha maneira vencellados á muralla. Deseño gráfico e debuxo en CAD das figuras a tamaño real. Realización, suministro e colocación de siluetas de medidas e formato segundo deseño, en alumnio plegado e soldado, e pintado segundo indicacións

1 MAQUETA

11.000,00 €

Deseño conceptual dunha maqueta da muralla, o casarío interior e parte dos barrios exteriores, incluíndo documentación para reconstruír os alzados de casas, igrexas, etc. Deseño gráfico e debuxo en CAD para realización de molde. Realización e montaxe da maqueta en bronce ou material similar, axeitado para para exteriores e para apalparse.

1 INFOGRAFÍA (Maqueta virtual)

5.500,00 €

Deseño conceptual e gráfico para infografía, (si se fixese a maqueta podería compartir boa parte do deseño necesitando só axustes para adaptarse ao medio, e quizais a escala) da muralla, casarío interior e parte dos barrios exteriores. Realización da infografía en 3D Estudio o similar

LIMPEZA E AXEITAMENTO DE RESTOS

Sen estimar

ADECUACIÓN RESTOS A LAXE

Limpeza de restos en A Laxe, con tratamento herbicida..... 540,00 €

Axeitamento de rebordo para maior ventilación e cuberta de cristal, ou policarbonato con sistema de apertura para mantemento.

Os restos adoitan cubrirse con cristal, solución non exenta de problemas. Logo de examinar varios lugares con fiestras arqueolóxicas e de consultar a diferentes restauradores, nestes momentos non hai unha clara solución que nos asegure facerlles fronte. Require un estudio pormenorizado resulta difícil estimala sen el.

LIMPEZA VEXETACIÓN E TRATAMENTO HERBICIDA NO FORTE DE S. SEBASTIÁN

Coma no caso anterior resulta difícil facer unha estimación sen concretar a envergadura do traballo, se unha parte del sería asumido como parte do mantemento habitual da área, etc.



En Skopje, a 13 de xulio de 2016

Matilde González Méndez

Matilde González - Concellería de Fomento (Concello de Vigo)

64



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 01/12/2016 11:13

Páxina 110 de 406

Aprobado en Xunta de Goberno do 23/09/2016

Código de verificación: 25E34-3A3DC-2D43B-2E33B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

ANEXO GRAFICO

Matilde González - Concellería de Fomento (Concello de Vigo)

65



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 01/12/2016 11:13

Páxina 111 de 406

Aprobado en Xunta de Goberno do 23/09/2016


Código de verificación: 25E34-3A3DC-2D43B-2E33B


Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Título do proxecto: Proxecto de deseño artístico da obra civil de revalorización da muralla moderna de Vigo, dentro da actuación de mellora de accesibilidade peonil entre a Porta do Sol e Abeleira Menéndez, fase 2.		Data: Xullo 2016	
Título do plano: Restos visibles da muralla e atopados en intervencións arqueolóxicas	CONCELLO DE VIGO	Promotor: Concellería de Fomento (Concello de Vigo)	Redacción: Matilde González Méndez





	Cópia autêntica do original - Conceito de Vago	Data impressão: 01/12/2016 11:13	Página 113 de 406
	Aprobado en Xunta de Goberno do 23/09/2016 Pode validarl aquí ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR de esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.xogv.org	Código de verificación: 25E34-343DC-2D43B-2E33B	



- Trazado da muralla verificado (restos arqueolóxicos, etc.)
- Probable trazado da muralla (contrastado con mapas de detalle, topografía, etc.)
- Posible trazado da muralla (segundo mapas históricos)
- Posible paseo de ronda (segundo mapas históricos e disposición das rúas)
- - - Accesos á muralla (segundo mapas históricos e disposición das rúas)

Título do proxecto: Proxecto de deseño artístico da obra civil da revalorización da muralla moderna de Vigo, dentro da actuación de mellora de accesibilidade peonil entre a Porta do Sol e Abeleira Menéndez, fase 2.		Data: Xullo 2016	
Título do plano: Hipótese de trazado da muralla		Promotor: Concellería de Fomento (Concello de Vigo)	Redacción: Matilde González Méndez






Carteis de azulexo da Exposición Carteis de Azulejo do Faro de Vigo, feita en Vigo no 2008



Azulexo na Porta do Sol en Vigo







Carteis de azulexo cuxo motivo son mapas
(Centro de visitantes do Alcázar de Segovia, Foto M. Ortega)



Fotomontaxe para ilustrar o efecto do plano do recinto de Vigo de 1762 (Arquivo Xeral de Simancas,) en azulexo-

Título do proxecto: Proxecto de deseño artístico da obra civil da revalorización da muralla moderna de Vigo, dentro da actuación de mellora de accesibilidade peonil entre a Porta do Sol e Abeleira Menéndez, fase 2.		Data: Xullo 2016	
Título: Paneis de azulexo	CONCELLO DE VIGO	Promotor: Concellería de Fomento (Concello de Vigo)	Redacción: Matilde González Méndez





Posibles imaxes para azulexos

Título do proxecto:
Proxecto de deseño artístico da obra civil da revalorización da muralla moderna de Vigo, dentro da actuación de mellora de accesibilidade peonil entre a Porta do Sol e Abeleira Menéndez, fase 2.

Data:
Xullo 2016

Título:
Paneis de azulexo

CONCELLO DE VIGO



Promotor:
Concellería de Fomento
(Concello de Vigo)

Redacción:
Matilde González Méndez



ANEXO 5 CÁLCULOS REDE DE RESIDUAIS E PLUVIAIS



PLANS ESTRATÉGICOS TERRITORIAIS
DE TRANSPORTE E AMBIENTES
2044PY035 R01



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 01/12/2016 11:13

Páxina 117 de 406

Aprobado en Xunta de Goberno do 23/09/2016

Código de verificación: 25E34-3A3DC-2D43B-2E33B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Para o cálculo da rede de pluviais se calcula a capacidade hidráulica de cada tramo da rede mediante a formulación de Manning.

Para a obtención do caudal aportado por cada zona, utilizouse o método de Gumbel para o cálculo da precipitación máxima, considerando un período de retorno de 10 anos e un tempo de concentración de 10 minutos.

Como datos de partida tomáronse os valores de precipitacións máximas en 24 horas do observatorio de Vigo "Peinador", dispoñendo dunha serie de 34 anos. A partir desta serie de valores máximos anuais, e aplicando Gumbel obtense a máxima precipitación en 24 horas para o período de retorno de 10 anos, resultando 104,21 mm/día. A continuación calculase a intensidade da chuvia para o período de concentración de 10 minutos aplicando o método da Instrución de Drenaxe de Carreiras do M.O.P.U., que resulta 94,96 mm/h

Por tanto, partindo da precipitación de cálculo, para obter o caudal aportado en cada tramo tan só é necesario obter a superficie e coeficiente de escorrentía de cada zona de achega.

Utilízase un coeficiente de escorrenta de 1 xa que a zona está moi consolidada.


Debido a pouca superficie do ámbito de estudio, analizouse a conca en dous ámbitos, unha se estende ata a intersección de cruz verde, previa á incorporación dos colectores de dita rúa, e outra para o tramo posterior que si recolle os colectores desa rúa. Estas concas de drenaxe esténdese a 1605 m² a superior, e 1594,7 m² a inferior, e abranguen tanto o rueiro como as edificación que poden ter drenaxe e acometida sobre a rede de proxecto.

A conca non recibe augas de achega mais aló desde ámbitos de drenaxe, o que unido a importante pendente media, permite dimensionar a rede con diámetros de 315 mm, con sobrada capacidade hidráulica.



Comprobación da capacidade hidráulica:

De acordo co seguinte gráfico, a superficie total da conca é de 380 m².



O caudal de augas pluviais xerado para toda a conca do ámbito pódese calcular aplicando o método racional

$$Q = \frac{C.A.I}{K}$$

sendo:

Q : Caudal xerado

C : Coeficiente de escorrentía

A : Superficie total da conca

I : Intensidade de precipitación para o período de retorno considerado

K: coeficiente de conversión de unidades, que é 3600, se a intensidade está mm/h e a área en m², e o caudal quere se obter en l/seg.

No noso caso, aínda considerando un coeficiente de escorrentía para toda a conca de 1 (na realidade sempre será inferior a este valor debido a existencia de xardíns e zonas verdes) resulta un caudal total de 84,40 l/s.

Este caudal repártese en 42,33 l/seg, correspondentes a primeira conca de drenaxe (superior), e outros 42,07 l/seg correspondentes á segunda conca de drenaxe (Cruz Verde).





O primeiros dos caudais introdúcese como carga sobre a rede unitaria da rúa Segunda República. O segundo introdúcese sobre o tramo de pluviais que se proxecta en Segunda República entre a rúa Cruz Verde, e a Porta do Sol, onde volve acometer sobre a rede unitaria a través dunha arqueta sifónica, xa no pozo actual sito a pé de escaleiras.

Para calcular a capacidade de desaugue do colector aplícase a fórmula de Manning-Strickler, pola que:

$$v = \frac{1}{n} . R_h^{2/3} . J^{1/2}$$

sendo:

v : velocidade media de circulación no colector

n : coeficiente de rugosidade de Manning, que para PVC é de 0,009

R_h : radio hidráulico da sección do colector

J: pendente do colector

Debido ao escaso caudal e as pendentes desenvolvidas, a capacidade hidráulica da tubaxe de 315 mm é moi ampla, e sobrada. O deseño pasa por conquistar non sobrepasar a velocidade máxima nos treitos, tendo en conta o caudal máximo calculado.

En este sentido axustouse o perfil en todos os tramos a pendentes do 5%, introducindo para elo pozos de resalto que resoven o forte desnivel existente. Xurde amais a necesidade de introducir mais pozos dos necesarios por planta, precisamente para limitar a profundidade do colector.

Con esta pendente as augas no colector de 315mm, acadan unha velocidade a sección chea de 4,21 m/seg, cun caudal de 260 ltrs/seg; unha capacidade moi superior ao considerado.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 01/12/2016 11:13

Páxina 120 de 406

Aprobado en Xunta de Goberno do 23/09/2016

Código de verificación: 25E34-3A3DC-2D43B-2E33B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



PRECIPITACIÓN MÁXIMA ANUAL EN 24h

ESTACIÓN Vigo "Peinador"
1-495

Longitud: 08° 37' W

Latitud: 42° 13' N

Altitud: 256 m

AÑO PRECIP (mm)

1957	101,0
1958	101,0
1959	103,0
1960	72,0
1961	73,0
1962	137,0
1963	59,0
1964	67,0
1965	54,0
1966	88,0
1967	77,7
1968	97,6
1969	107,4
1970	72,8
1971	64,7
1972	105,6
1973	84,0
1974	121,8
1975	103,0
1976	78,8
1977	97,1
1978	175,0
1979	74,6
1980	98,3
1981	78,7
1982	75,5
1983	74,7
1984	82,7
1985	101,6
1986	71,4
1987	107,2
1988	69,6
1989	62,9
1990	78,9

ESTADÍSTICOS MUESTRALES

Número de años: N= 34

Media: M= 88,724

Desviación típica: S= 24,157

PLANS ESTRATÉGICOS TERRITORIAIS
DE TRANSPORTE E AMBIENTES
2044PY035 R01

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 01/12/2016 11:13

Páxina 121 de 406

Aprobado en Xunta de Goberno do 23/09/2016

Código de verificación: 25E34-3A3DC-2D43B-2E33B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CALCULO DE LOS VALORES MÁXIMOS POR GUMBEL PARA UN PERIODO DE RETORNO

SITUACIÓN OBSERVATORIO: Vigo "Peinador"

PARAMETROS DE LA DISTRIBUCION

media m= 88,724
desv.tipica S= 24,157

param. A A= 0,0531
moda u= 77,8557

$$m = u + 0.577/A$$

$$S^2 = (PI^2)/(6 \cdot A^2)$$

$$f(x) = A \cdot \exp[-A \cdot (x-u) - \exp[-A \cdot (x-u)]]$$

$$F(x) = P(X < x) = \exp[-\exp[-A \cdot (x-u)]]$$

VALOR MÁXIMO PARA UN PERIODO DE RETORNO

per.retorno	T= 10	años
valor	Xt= 120,24	mm/dia

$$P[X > Xt] = 1 - F(Xt) = 1/T$$

$$Xt = u - (1/A) \cdot \ln[-\ln[1 - 1/T]]$$

VALOR MÁXIMO PARA VARIOS PERIODOS DE RETORNO

per.ret. (T)	valor (Xt)
5	106,11
10	120,24
15	128,22
20	133,80
25	138,10
50	151,35
100	164,50
200	177,60
250	181,81
500	194,89
1000	207,95
5000	238,28



PLANS ESTRATÉGICOS TERRITORIAIS
DE TRANSPORTES E AMBIENTES
2044PY035 R01



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 01/12/2016 11:13

Páxina 122 de 406

Aprobado en Xunta de Goberno do 23/09/2016

Código de verificación: 25E34-3A3DC-2D43B-2E33B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

INTENSIDAD DE PRECIPITACIÓN DEL AGUACERO

SITUACIÓN OBSERVATORIO: Vigo "Peinador"

Intensidad 24h: $I_d = 120,24 \text{ mm/día}$
 $5,01 \text{ mm/h}$

Duración aguacero: $t = 10 \text{ min}$
 $0,17 \text{ h}$



Intensidad aguacero: $I_1/I_d = 8$
 $I_t/I_d = 18,95$ $I_t/I_d = (I_1/I_d)^{((28^0.1 - I_1^0.1)/(28^0.1 - 1))}$

$I_t = 94,96 \text{ mm/h}$

PETTRA

PLANS ESTRATÉGICOS TERRITORIAIS
DE TRANSPORTES E AMBIENTAIS
2044PY035 R01



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 01/12/2016 11:13

Páxina 123 de 406

Aprobado en Xunta de Goberno do 23/09/2016

Código de verificación: 25E34-3A3DC-2D43B-2E33B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



ANEXO 6 CÁLCULOS REDE DE ILUMINACIÓN



PLANS ESTRATÉGICOS TERRITORIAIS
DE TRANSPORTE E AMBIENTES
2044PY035 R01



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 01/12/2016 11:13

Páxina 124 de 406

Aprobado en Xunta de Goberno do 23/09/2016

Código de verificación: 25E34-3A3DC-2D43B-2E33B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

1. SITUACIÓN ACTUAL

O alumado, en canto a deseño e mantemento, depende do departamento de Electromecánicos, do Concello de Vigo.

